

PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura  
Número 27  
7 de outubro de 2020

Fascículo 2



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

###### 1.3.8.4. Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma

###### ■ 2621 (11/CXER-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2019

[8201](#)

###### 1.3.8.5. Informes sobre o estado de execución do orzamento

###### ■ 2622 (11/ESEX-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre 2020

[8201](#)

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.3. Interpelacións

###### ■ 2526 (11/INT-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 más

Sobre o transporte do alumnado de bacharelato afecto polos cambios horarios establecidos nos centros educativos de secundaria

[8210](#)

###### ■ 2549 (11/INT-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos

[8213](#)

###### ■ 2550 (11/INT-000145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa actualización do Pacto local

[8216](#)

###### ■ 2563 (11/INT-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coas ensinanzas de bacharelato

[8219](#)

###### ■ 2576 (11/INT-000147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 más



Sobre as medida postas en marcha pola Xunta de Galicia para garantir a saúde laboral da clase traballadora galega diante do risco de contaxio pola covid-19 [8222](#)

**I 2584 (11/INT-000148)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención pediátrica

[8227](#)

**I 2632 (11/INT-000150)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector industrial do aluminio

[8230](#)

**I 2667 (11/INT-000151)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación da memoria histórica [8233](#)

**I 2693 (11/INT-000153)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da industria electrointensiva

[8235](#)

**I 2705 (11/INT-000154)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico

[8239](#)

**I 2746 (11/INT-000155)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da gandaría de carne en Galicia [8243](#)

**I 2759 (11/INT-000156)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto no ensino público da pandemia da covid-19

[8252](#)

**I 2762 (11/INT-000157)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal [8255](#)

**I 2769 (11/INT-000158)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



**Bará Torres, Xosé Luís e 2 más**

Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento do plan de investimentos conxuntos da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

[8258](#)**I 2778 (11/INT-000159)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 más**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planificación hidrolóxica, así como coa do saneamento e abastecemento

[8261](#)**I 2790 (11/INT-000160)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 más**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos espazos naturais protexidos

[8264](#)**I 2800 (11/INT-000161)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Arangüena Fernández, Pablo e 3 más**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da paisaxe de Galicia

[8268](#)**I 2806 (11/INT-000162)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da saúde do persoal ao servizo da Administración de Xustiza fronte á covid-19

[8271](#)**I 2817 (11/INT-000163)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19

[8273](#)**I 2826 (11/INT-000164)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa coexistencia do gando cabalar e o lobo no monte galego

[8275](#)**I 2842 (11/INT-000165)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coas causas seguidas na Audiencia Nacional

[8280](#)**I 2851 (11/INT-000166)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más**

Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación cos fondos covid-19 destinados á contratación de profesorado [8282](#)

#### **1.4.4. Preguntas**

##### **1.4.4.1. Preguntas orais en pleno**

###### **1.4.4.1.1. Preguntas orais**

###### **| 2525 (11/POP-000303)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 más

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir os dereitos do alumnado de bacharelato afectado polas modificacións horarias establecidas nos centros educativos de educación secundaria de Lugo, con motivo da covid-19 [8285](#)

###### **| 2537 (11/POP-000304)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 más

Sobre a información que posúe o Goberno galego respecto das previsións do Goberno central referidas á licitación e execución das obras de dragaxe da ría do Burgo [8288](#)

###### **| 2545 (11/POP-000305)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á negociación coa Fegamp dun novo sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos de Galicia [8290](#)

###### **| 2546 (11/POP-000306)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da abordaxe do debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local [8293](#)

###### **| 2577 (11/POP-000308)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da actuación levada a cabo en relación co gromo de covid-19 detectado na nave de Avigal situada no polígono industrial Sete Pías, de Cambados [8296](#)

###### **| 2583 (11/POP-000309)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de solucionar de xeito urgente os problemas relacionados coa ausencia de servizos pediátricos en numerosos concellos da comarca da Mariña [8300](#)

###### **| 2595 (11/POP-000310)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



**Bará Torres, Xosé Luís e 2 más**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a seguridade viaria da estrada PO-308 na zona da Barca e Andurique, no concello de Poio [8303](#)

**I 2645 (11/POP-000312)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne [8306](#)

**I 2646 (11/POP-000313)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gallego Sanromán, María Letícia e 2 más**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da compensación do sobrecusto que ten o Concello de Vilaboa neste inicio do curso escolar como consecuencia da adaptación dos centros de ensino aos protocolos fronte á covid-19 [8308](#)

**I 2653 (11/POP-000314)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gallego Sanromán, María Letícia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila [8310](#)

**I 2659 (11/POP-000315)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Otero Rodríguez, Patricia e 4 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do recoñecemento do carácter oficial do Camiño do Mar como ruta xacobea e a súa inclusión nas actuacións de promoción turística e de reactivación económica relacionadas coa celebración do Ano Xacobeo 2021 [8312](#)

**I 2668 (11/POP-000316)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e 2 más**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación dunha partida nos orzamentos de 2021 para a recuperación da memoria histórica da cidadanía galega [8314](#)

**I 2674 (11/POP-000317)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e 2 más**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción das competencias que lle corresponden en materia de sanitade e o inicio do proceso de xestión e financiamento íntegro da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra con todo o seu persoal [8316](#)

**I 2680 (11/POP-000319)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e 2 más**



Sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos [8319](#)

**I 2697 (11/POP-000320)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación do Estatuto da industria electrointensiva

[8323](#)

**I 2702 (11/POP-000321)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Presas Bergantiños, Noa e 3 más**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para Galicia

[8326](#)

**I 2713 (11/POP-000322)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Pérez Fernández, Rosana e 2 más**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da eliminación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e o consenso co tecido mar-industria de calquera modificación da Lei de costas referida á vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar

[8329](#)

**I 2719 (11/POP-000323)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 más**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial do centro de saúde e do PAC do concello da Guarda

[8332](#)

**I 2725 (11/POP-000324)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Presas Bergantiños, Noa e 3 más**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para reverter a supresión do servizo de venda de billetes de tren nas estacións de ferrocarril da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras e garantir as comunicacóns da comarca

[8335](#)

**I 2728 (11/POP-000325)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que ten na axuda ás entidades e empresas usuarias dos portos de titularidade autonómica o aprazamento da liquidación das taxas dependentes de Portos de Galicia ata dous meses despois do remate do estado de alarma

[8338](#)

**I 2739 (11/POP-000326)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 más**



Sobre a supresión de médicos e de persoal sanitario no medio dunha pandemia, como acontece na Guarda [8340](#)

**I 2745 (11/POP-000327)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da grave situación que está a atravesar o sector da carne en Galicia [8343](#)

**I 2748 (11/POP-000328)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as razóns da falta de profesorado nas escolas oficiais de idiomas para a realización das probas de certificación libres [8352](#)

**I 2753 (11/POP-000329)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da xestión que está a levar a cabo en relación coas necesidades do sistema educativo como consecuencia da pandemia da covid-19 [8354](#)

**I 2763 (11/POP-000330)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre o balance global da etapa de presidencia da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no período 2017-2020 [8357](#)

**I 2770 (11/POP-000331)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre o balance que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do plan de investimentos conxuntos da eurorexión Galicia-Norte de Portugal para o período 2014-2020 e as súas previsións respecto do correspondente ao período 2021-2027 [8360](#)

**I 2781 (11/POP-000333)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do encargo dun estudo multidisciplinar sobre a situación das rías e das propostas para mellorar a calidade das augas, a biodiversidade, os equilibrios ecolóxicos e a produtividade [8362](#)

**I 2787 (11/POP-000334)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións de seguridade viaria que presenta para a veciñanza a estrada AC-550, ao seu paso polo concello de Noia, especialmente nos lugares



de Boa, Orro, Vilanova e Eiroa, así como sobre as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora

[8365](#)

### **| 2793 (11/POP-000335)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 más**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación dos plans reitores de uso e xestión dos parques naturais que non contan con este instrumento legal

[8368](#)

### **| 2801 (11/POP-000336)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Arangüena Fernández, Pablo e 3 más**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da transcendencia que tivo para a comunidade autónoma a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

[8372](#)

### **| 2807 (11/POP-000337)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do persoal ao servizo da Administración de Xustiza co material de protección necesario para garantir a súa seguridade fronte aos contaxios pola covid-19

[8375](#)

### **| 2812 (11/POP-000338)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e 2 más**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento da atención pediátrica de sete horas diarias que se viña prestando de luns a venres no concello de Forcarei

[8377](#)

### **| 2818 (11/POP-000339)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o número de contratos para profesionais sanitarios que vai ofertar a Xunta de Galicia ao abeiro do novo real decreto-lei aprobado polo Goberno central

[8380](#)

### **| 2823 (11/POP-000340)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e 2 más**

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no inicio da execución do proxecto para a dotación do porto da Pobra do Caramiñal de novos vestiarios

[8382](#)

### **| 2831 (11/POP-000341)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para remediar a situación de deterioración que padecen os ecosistemas onde vive o garrano e as dificultades que atravesan as greas e rabaños de gando cabalar e vacún en liberdade ou semiliberdade nos montes de Galicia por mor da súa coexistencia co lobo

[8384](#)



**I 2838 (11/POP-000342)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 más**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento, de cara ao inverno, dun plan para garantir unha zona de espera digna e cuberta para as persoas usuarias dos centros de saúde que na actualidade agardan no exterior

[8389](#)**I 2839 (11/POP-000343)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 más**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño

[8391](#)**I 2843 (11/POP-000344)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto de determinada investigación da Audiencia Nacional relativa ás actividades dun partido político

[8394](#)**I 2848 (11/POP-000345)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 más**

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, diante da limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral

[8396](#)**I 2856 (11/POP-000346)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta que lle da ás necesidades e demandas da comunidade educativa, a xestión que está a levar a cabo dos fondos covid-19 destinados ao ensino

[8398](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

##### 1.3.8.4. Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma

##### **Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación do acordo**

- 2621 (11/CXER-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2019

##### **1.3.8.5. Informes sobre o estado de execución do orzamento**

##### **Toma de coñecemento e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación do acordo**

- 2622 (11/ESEX-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre 2020

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.3. Interpelacións

#### Admisión a trámite e publicación

- 2526 (11/INT-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 más

Sobre o transporte do alumnado de bacharelato afecto polos cambios horarios establecidos nos centros educativos de secundaria

- 2549 (11/INT-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos

- 2550 (11/INT-000145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa actualización do Pacto local

---



- 2563 (11/INT-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coas ensinanzas de bacharelato. (Procedemento de urxencia)

- 2576 (11/INT-000147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 más

Sobre as medida postas en marcha pola Xunta de Galicia para garantir a saúde laboral da clase traballadora galega diante do risco de contaxio pola covid-19

- 2584 (11/INT-000148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención pediátrica

- 2632 (11/INT-000150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector industrial do aluminio

- 2667 (11/INT-000151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación da memoria histórica

- 2693 (11/INT-000153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da industria electrointensiva

- 2705 (11/INT-000154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico

- 2746 (11/INT-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da gandaría de carne en Galicia

- 2759 (11/INT-000156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto no ensino público da pandemia da covid-19



- 2762 (11/INT-000157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal

- 2769 (11/INT-000158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento do plan de investimentos conxuntos da eurorexión Galicia-Norte de Portugal

- 2778 (11/INT-000159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planificación hidrolóxica, así como coa do saneamento e abastecemento

- 2790 (11/INT-000160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política do Goberno galego en relación cos espazos naturais protexidos

- 2800 (11/INT-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 más

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da paisaxe de Galicia

- 2806 (11/INT-000162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da saúde do persoal ao servizo da Administración de Xustiza fronte á covid-19

- 2817 (11/INT-000163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19

- 2826 (11/INT-000164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa coexistencia do gando cabalar e o lobo no monte galego

- 2842 (11/INT-000165)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma  
Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coas causas seguidas na Audiencia Nacional

- 2851 (11/INT-000166)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más  
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación cos fondos covid-19 destinados á contratación de profesorado

#### **1.4.4. Preguntas**

##### **1.4.4.1. Preguntas orais en pleno**

###### **1.4.4.1.1. Preguntas orais**

#### **Admisión a trámite e publicación**

- 2525 (11/POP-000303)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 3 más  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir os dereitos do alumnado de bacharelato afectado polas modificacións horarias establecidas nos centros educativos de educación secundaria de Lugo, con motivo da covid-19

- 2537 (11/POP-000304)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 6 más  
Sobre a información que posúe o Goberno galego respecto das previsións do Goberno central referidas á licitación e execución das obras de dragaxe da ría do Burgo

- 2545 (11/POP-000305)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más  
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á negociación coa Fegamp dun novo sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos de Galicia

- 2546 (11/POP-000306)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 más  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da abordaxe do debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

- 2577 (11/POP-000308)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 2 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da actuación levada a cabo en relación co gromo de covid-19 detectado na nave de Avigal situada no polígono industrial Sete Pías, de Cambados

- 2583 (11/POP-000309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de solucionar de xeito urgente os problemas relacionados coa ausencia de servizos pediátricos en numerosos concellos da comarca da Mariña

- 2595 (11/POP-000310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a seguridade viaria da estrada PO-308 na zona da Barca e Andurique, no concello de Poio

- 2645 (11/POP-000312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne

- 2646 (11/POP-000313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 más

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da compensación do sobrecusto que ten o Concello de Vilaboa neste inicio do curso escolar como consecuencia da adaptación dos centros de ensino aos protocolos fronte á covid-19

- 2653 (11/POP-000314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do Concello de Vilaboa cunha partida orzamentaria para mellorar a afluencia do turismo á súa vila

- 2659 (11/POP-000315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 4 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do recoñecemento do carácter oficial do Camiño do Mar como ruta xacobea e a súa inclusión nas actuacións de promoción turística e de reactivación económica relacionadas coa celebración do Ano Xacobeo 2021

- 2668 (11/POP-000316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación dunha partida nos orzamentos de 2021 para a recuperación da memoria histórica da cidadanía galega



- 2674 (11/POP-000317)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción das competencias que lle corresponden en materia de sanidade e o inicio do proceso de xestión e financiamento íntegro da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra con todo o seu persoal

- 2680 (11/POP-000319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez Fernández, Rosana e 2 más

Sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos

- 2697 (11/POP-000320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón  
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación do Estatuto da industria electrointensiva

- 2702 (11/POP-000321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 3 más  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para Galicia

- 2713 (11/POP-000322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez Fernández, Rosana e 2 más  
Sobre a posición do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da eliminación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e o consenso co tecido mar-industria de calquera modificación da Lei de costas referida á vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar

- 2719 (11/POP-000323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 más  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial do centro de saúde e do PAC do concello da Guarda

- 2725 (11/POP-000324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 3 más  
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para reverter a supresión do servizo de venda de billetes de tren nas estacións de ferrocarril da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras e garantir as comunicacións da comarca

- 2728 (11/POP-000325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que ten na axuda ás entidades e empresas usuarias dos portos de titularidade autonómica o aprazamento da liquidación das taxas dependentes de Portos de Galicia ata dous meses despois do remate do estado de alarma

- 2739 (11/POP-000326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 más

Sobre a supresión de médicos e de persoal sanitario no medio dunha pandemia, como acontece na Guarda

- 2745 (11/POP-000327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da grave situación que está a atravesar o sector da carne en Galicia

- 2748 (11/POP-000328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as razóns da falta de profesorado nas escolas oficiais de idiomas para a realización das probas de certificación libres

- 2753 (11/POP-000329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da xestión que está a levar a cabo en relación coas necesidades do sistema educativo como consecuencia da pandemia da covid-19

- 2763 (11/POP-000330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre o balance global da etapa de presidencia da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no período 2017-2020

- 2770 (11/POP-000331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre o balance que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do plan de investimentos conxuntos da eurorexión Galicia-Norte de Portugal para o período 2014-2020 e as súas previsións respecto do correspondente ao período 2021-2027

- 2781 (11/POP-000333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más



Sobre as previsións do Goberno galego respecto do encargo dun estudo multidisciplinar sobre a situación das rías e das propostas para mellorar a calidade das augas, a biodiversidade, os equilibrios ecolóxicos e a produtividade

- 2787 (11/POP-000334)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións de seguridade viaria que presenta para a veciñanza a estrada AC-550, ao seu paso polo concello de Noia, especialmente nos lugares de Boa, Orro, Vilanova e Eiroa, así como sobre as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora

- 2793 (11/POP-000335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación dos plans reitores de uso e xestión dos parques naturais que non contan con este instrumento legal

- 2801 (11/POP-000336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da transcendencia que tivo para a comunidade autónoma a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

- 2807 (11/POP-000337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación do persoal ao servizo da Administración de Xustiza co material de protección necesario para garantir a súa seguridade fronte aos contaxios pola covid-19

- 2812 (11/POP-000338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento da atención pediátrica de sete horas diárias que se viña prestando de luns a venres no concello de Forcarei

- 2818 (11/POP-000339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o número de contratos para profesionais sanitarios que vai ofertar a Xunta de Galicia ao abeiro do novo real decreto-lei aprobado polo Goberno central

- 2823 (11/POP-000340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 más

---



Sobre as razóns da demora do Goberno galego no inicio da execución do proxecto para a dotación do porto da Pobra do Caramiñal de novos vestuarios

- 2831 (11/POP-000341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 más

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para remediar a situación de deterioración que padecen os ecosistemas onde vive o garrano e as dificultades que atravesan as greas e rabaños de gando cabalar e vacún en liberdade ou semiliberdade nos montes de Galicia por mor da súa coexistencia co lobo

- 2838 (11/POP-000342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 más

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento, de cara ao inverno, dun plan para garantir unha zona de espera digna e cuberta para as persoas usuarias dos centros de saúde que na actualidade agardan no exterior

- 2839 (11/POP-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 más

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño

- 2843 (11/POP-000344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto de determinada investigación da Audiencia Nacional relativa ás actividades dun partido político

- 2848 (11/POP-000345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 más

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, diante da limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral

- 2856 (11/POP-000346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta que lle da ás necesidades e demandas da comunidade educativa, a xestión que está a levar a cabo dos fondos covid-19 destinados ao ensino

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o transporte do alumnado de Bacharelato afectado polas mudanzas horarias establecidas nos centros educativos de secundaria de Lugo con motivo da COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos centros educativos da cidade de Lugo como o IES San Xillao ou o Virxe dos Ollos Grandes, mudaron os seus horarios lectivos para dar cumprimento ao protocolo COVID-19 aprobado pola Xunta de Galiza.

Perante a imposibilidade de garantir o distanciamento físico e o número de estudantes por aula que garantirían a necesaria seguridade nas aulas, víronse na obriga de habilitar unha quenda de tarde e mesmo iniciar aulas con maior antelación, a partir das 8.30 horas.

Estes centros contan con estudantes que viven noutros concellos como O Corgo, Portomarín, Nadela, Castroverde ou Guntín. As escasísimas liñas de transporte e horarios cos que conta a veciñanza das comarcas de Lugo fai imposible que estas e estes alumnos poidan acudir ao centro ou volver á casa despois das aulas en autobús.

Tendo en conta as circunstancias absolutamente excepcionais nas que nos atopamos e que a mudanza horaria responde ao protocolo fixado pola Xunta de Galiza,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

desde o Bloque Nacionalista Galego –ao igual que as familias e estudiantes afectados-- cremos que é obriga do goberno deste país garantir fórmulas que permitan –en condicións de equidade-- acceder ao ensino a todo o alumnado independentemente do seu lugar de residencia.

Mais esta situación non afecta só ao alumnado, aínda que si o fai de maneira más gravosa por seren menores de idade. As péssimas comunicacíons en transporte colectivo coas que conta o rural galego prexudican ao conxunto da veciñanza destas localidades que dependen do seu vehículo particular ou mesmo dun taxi.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir os dereitos do alumnado do rural que ficou sen transporte para ir ao instituto a Lugo?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2020 13:12:00**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/09/2020 13:12:03**

**Daniel Castro García na data 25/09/2020 13:12:12**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2020 13:12:23**

## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantes asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxección á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán disponer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutritir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.



O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara ás formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudio e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introdución
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
- 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
- 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño deste ano, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e establecécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito Plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais
- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.



Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle achegasen o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp un novo sistema de reparto de transferencias non finalistas aos concellos galegos?

2ª) Vai o Goberno galego incrementar as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, integrándoas no Fondo de Cooperación Local para o exercicio 2020?

3ª) Vai o Goberno galego establecer neste exercicio 2020 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, cos obxectivos consensuados coa Fegamp, garantindo a igualdade de acceso para todas elas con convocatorias públicas ás que concorreran todos os concellos en igualdade de condicións?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2020 17:13:30**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/09/2020 17:13:43**

**Paloma Castro Rey na data 25/09/2020 17:13:58**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: “*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cuntos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxección á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*” E no artigo 105.1 establece: “*de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.*”

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.



Nas súas cláusulas, establecécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

*“I.-Financiamento:*

*Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:*

- Regulación do Fondo galego de cooperación local.*
- Fondo de compensación interterritorial*
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos*
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”*

Pasados 14 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e sen que se teña desenvolto na súa totalidade, é momento de iniciar o debate sobre un II Pacto Local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, que estableza claramente as competencias de cada administración así como a suficiencia financeira para levalas a cabo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai o Goberno galego abordar o debate sobre a actualización do Pacto Local Galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2020 17:12:06**



**Pablo Arangüena Fernández na data 25/09/2020 17:12:26**

**Paloma Castro Rey na data 25/09/2020 17:12:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á discriminación do alumnado de bacharelato con ensino semipresencial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellaría de educación publicou o 16 de setembro de 2020, data inicialmente prevista para o inicio do curso, unha orde que prevé a posibilidade de ensinanza semipresencial, con carácter excepcional, nas ensinanzas de bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

Segundo os datos dispoñíbeis, esta modalidade implantouse en varios institutos de Galiza, varios da cidade de Pontevedra e tamén noutros como IES como o Castro Alobre en Vilagarcía de Arousa, provocando o malestar e a protesta de nais e pais e do alumnado, por entender que se produce unha situación de discriminación con respecto á maioría dos institutos de Galiza debido á redución de xornada lectiva de 32 a 15 horas semanais. Ademais, nalgúns casos as clases serán en horario de tarde, o que dificulta a conciliación con outras actividades educativas e deportivas.

Esta situación de docencia semipresencial supón unha evidente desigualdade no acceso á educación e un grave prexuízo para a alumnado, que non vai dispoñer de atención educativa *on line* nas 17 horas restantes. E ademais, constitúe un evidente





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

incumprimento da normativa vixente, que establece a docencia de 32 horas nos cursos de bacharelato. Este feito ten unha maior relevancia no Bacharelato, xa que o estudiantado ten que presentarse á ABAU e a menor carga lectiva e redución da docencia presencial pode ter unha incidencia directa na preparación dunhas probas que son decisivas para o futuro.

A solución implantada pola administración educativa responde únicamente a un criterio de aforro económico: en lugar de facer desdobres e contratar máis profesorado, recórrrese a solucións de ensino *low cost* como a semipresencialidade con horario reducido ou a colocación de mamparas.

Ademais dos evidentes prexuízos para o alumnado que leva consigo esta medida, está a producir como efecto derivado perverso o transvase de alumnado de bacharelato para centros privados.

Por todo isto formúllase a seguinte interpellación:

1. Considera a Xunta de Galiza que se debe garantir a igualdade de oportunidades para todo o estudiantado galego?
2. Está xustificada a legalidade desta medida, que contravén o disposto na normativa vixente a respecto da docencia de 32 horas semanas en bacharelato?
3. Considera o goberno galego que esta é unha medida xusta nos cursos de bacharelato nos que o alumnado ten que someterse á proba da ABAU?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Que medidas vai poñer en marcha o goberno galego para garantir a igualdade e a presencialidade no bacharelato, FP e ensinanzas especiais, e nomeadamente no caso do alumnado de segundo de bacharelato?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2020 12:17:11**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2020 12:17:14**

**Daniel Castro García na data 28/09/2020 12:17:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao gromo de COVID-19 na nave de Avigal no polígono de Cambados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser coñecida a existencia dun gromo masivo de coronavirus na empresa Avigal situada no polígono industrial Sete Pías do concello de Cambados. A día de hoxe son máis de 100 as persoas afectadas entre traballadorxs, familiares e contactos.

É moita a preocupación no conxunto da comarca do Salnés, toda vez que as persoas que traballan nesta empresa residen en diferentes concellos da comarca e todo indica que poden ser moitas as persoas asintomáticas que estiveron días desenvolvendo actividades cotiáns con normalidade pola comarca, co que significa de multiplicación de contactos.

Segundo a información recollida nos medios de comunicación os días 12 e 13 de setembro xa había traballadorxs con síntomas, traballadorxs con contactos con positivos que seguiron traballando, que a pesar desta situación mantiveron a actividade produtiva e até o sábado 26 non se pechou a empresa para proceder a limpar e desinfectar a nave a fondo.

Esta situación fixo saltar todas as alarmas e son moitos os interrogantes sobre como se ten actuado que precisan resposta. Detectar xs positivxs, identificalxs, illalxs e





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

facer seguimento dos contactos é unha carreira contra o tempo, e a magnitude do gromo parece indicar que non se actuou con celeridade.

Se unha empresa ten casos de positivos o normal é que de inmediato se tomen medidas drásticas para protexer a saúde das persoas que traballan nela e cortar a cadea de contaxios: realizar probas a todo o persoal, illamento inmediato dos contactos, desinfección das instalacións e parar a produción se hai un número de positivos que fan sospeitar un contaxio xeneralizado.

Todo indica que nada diso se ten realizado na nave de Avigal en Cambados; todo indica que tanto a empresa como a Xunta coñecían desde había días a existencia de positivos, a pesar do cal continuouse traballando, pon en evidencia que a empresa primou a actividade fronte á saúde dxs traballadorxs e que o Sergas sabía deste gromo e non actuou.

Este contaxio masivo prodúcese nun contexto de tensión e nerviosismo xeneralizado nas empresas pola situación de desprotección e desamparo no que se atopa a clase traballadora diante do risco de contaxio pola COVID-19.

O BNG non acepta que se pretenda desviar a responsabilidade cara teóricas actuacións individuais dxs traballadorxs como orixe dos contaxios; moi ao contrario o que está a acontecer en Avigal ten que servir para analizar como están actuando os responsábeis das empresas e a Administración, que están facendo para prever contaxios no ámbito laboral, que seguimento e inspeccións se realizan para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos postos de traballo, vestiarios que permitan cambiarse con condicións de hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxéles para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos...





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É preciso rematar coa situación de que diante da sospeita de contaxio xs traballadorxs teñen que enfrentarse a toda unha carreira de obstáculos para conseguir ser atendidxs. As mutuas non se están responsabilizando da realización de probas de detección de Covid-19, son xs propixs traballadorxs os que teñen que acudir xs médicxs de familia.

Consideramos imprescindíbel saber que fallou para que praticamente a totalidade do cadre de persoal dunha empresa con máis de 100 traballadorxs acabe contaxiándose e con elxs a moitxs veciños da comarca do Salnés.

Por todo isto formúllase a seguinte interpelación:

Que medidas ten posto en marcha a Xunta para garantir a saúde laboral da clase traballadora galega diante do risco de contaxio pola COVID-19?

Que accións ten realizado a Xunta para prever contaxios no ámbito laboral pola COVID-19?

Considera que se está realizando o suficiente seguimento e inspeccións para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos postos de traballo, existencia de vestiarios que permitan cambiarse con condicións de hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxéles para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos... ?

En que data tivo coñecemento o Sergas dos primeiros positivos na nave de Avigal no polígono industrial de Cambados?

Que accións realizou desde ese momento e en que datas?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En que data se lle realizaron probas a todxs xs traballadorxs de Avigal e con que resultado?

Como é posíbel que se tivera coñecemento dos primeiros positivos na nave de Avigal os días 12 e 13 de setembro e até o 26 non se tivera pechado a empresa para desinfectala?

Non lle parece que a actuación que se está levando a cabo no gromo de Avigal mostra permisividade e falta de control tanto por parte da empresa como da Consellaría de Sanidade?

Segundo as últimas informacóns, Avigal non poderá reabrir até que a Consellaría comprobe que cumpre cos protocolos Covid-19, non se realizou a verificación dos mesmos até agora?

En que data informou a Xunta aos concellos da comarca da existencia de positivos na nave de Avigal, que comunicación mantén cos mesmos?

Está controlado o agromo, localizadxs todxs xs positivxs e os seus contactos ou hai transmisión comunitaria na comarca do Salnés?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2020 13:52:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2020 13:52:19**

**Iria Carreira Pazos na data 28/09/2020 13:52:27**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade dunha cobertura estable das ausencias en pediatría e o necesario incremento no número de pediatras na comarca da Mariña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe son moitos os problemas que a comarca da Mariña ten en relación aos servizos públicos de pediatría. Estas problemáticas, alén de ser moitas, repítense en case todos os concellos da comarca.

Coa intención de concretar e resumir as principais eivas, podemos concluír que a totalidade dos concellos da Mariña ten problemas á hora de cubrir as ausencias dos e das pediatras titulares, levando a que moitos pais e nais teñan que desprazarse até o xa sobrecargado Hospital da Mariña para que os seus fillos e fillas sexan atendidos.

Este é o caso das localidades de Mondoñedo, Lourenzá e Barreiros que comparten servizo pediátrico nuns días e unhas horas determinadas ao longo da semana, mais tanto as baixas, como as vacacións da profesional seguen sen ser cubertas, provocando os agravios antes citados.

Algo moi semellante lle ocorre aos concellos de Xove e Cervo que ven como desde o mes de marzo a baixa da facultativa do Centro de Saúde de San Cibrao, que dá





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cobertura pediátrica a uns 650 nenos e nenas, segue sen ser cuberta, obligando aos seus pais e nais a desprazarse ao hospital de Burela, ao igual que no caso de Mondoñedo, Lourenzá e Barreiros.

Por desgraza, todo o anterior está a ocorrer desde hai xa máis de un mes no concello de Ribadeo. A pediatra do Centro de Saúde de Ribadeo ao atoparse de baixa continua e sen ter un relevo provoca o feito de que se comecen a dar citas con máis de mes e medio de espera, afectando igualmente ao concello de Trabada.

Estas tres casuísticas son un bo resumo do que leva acontecendo durante moitos anos na comarca da Mariña e en todo o país. Mais alén deste agravio tantas veces vivido, é necesario engadir o caso dos concellos de Alfoz e O Valadouro. Estes dous concellos levan reclamando desde 2014 de maneira unánime nas súas dúas corporacións a necesidade imperiosa de contar co servizo de pediatría, para non facer que 300 nenos e nenas xunto cos seus pais e nais se teñan que desprazar ao Centro de Saúde de Foz, onde unha pediatra cunha redución de xornada que non está sendo cuberta, vese desbordada ao ter que atender as crianzas deses dous concellos a maiores da xa sobrecargada cota de Foz.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

- Vai a Xunta de Galiza cubrir os postos de pediatría vacantes nos concellos de Xove, Cervo, Mondoñedo, Ribadeo, Lourenzá e Barreiros ou alí onde xurdan casos semellantes?
- Vai dotar a Xunta de Galiza aos concellos de O Valadouro e Alfoz co servizo de pediatría que tanto precisan e tanto levan reclamando?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- A que se debe a ausencia de facultativos e facultativas para cubrir as prazas vacantes nos servizos de pediatría na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

**Asdo.: Daniel Castro García**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 28/09/2020 14:17:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2020 14:17:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2020 14:17:25**

**Daniel Castro García na data 28/09/2020 14:17:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 17 de outubro do 2018 a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico. Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao, que desde entón tivo enriba a espada de Damocles dun posible peche e que afrontou diversos episodios de redución da producción.

No verán de 2020 fóreronse precipitando os acontecementos e malia que o 13 de agosto Alcoa adoptaba o compromiso de assumir a mediación das administracións galega e estatal para unha posible compra, a realidade dos feitos posteriores amosou a pouca disposición do grupo malia a existencia de ofertas sobre a mesa.

No momento de asinar esta iniciativa o presidente de Alcoa en España, Álvaro Dorado, descartaba que a compañía poida chegar a un acordo con Liberty antes do 27 de setembro, data límite. Polo tanto, nestas circunstancias extremas cómpre activar todas as





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

alternativas posíbeis para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e optar porque os poderes públicos asuman a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viábel no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por todos estos motivos formúlase a seguinte interpellación:

Que actuacións está a defender o goberno galego diante da crise de Alcoa?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Mª Carme González Iglesias**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 29/09/2020 16:56:47**

**Daniel Pérez López na data 29/09/2020 16:56:55**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2020 16:57:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2020 16:57:18**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Noa Díaz Varela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Dende o Goberno de Jose Luis Rodriguez Zapatero no ano 2007, cando impulsamos a Lei de Memoria Histórica, os socialistas vimos traballando sen descanso pola recuperación da memoria e o recoñecemento das vítimas da represión franquista, máis de 7.000 en Galicia. Cidadáns que foron torturados e asasinados por defender os principios democráticos, sendo o caso galego máis cruel, por canto non foi un territorio en guerra e todas as vítimas obedeceron ó exterminio ideolóxico.

Coa chegada do PP a Xunta de Galicia freáronse tódalas actuacións públicas relacionadas coa Memoria Histórica que o goberno progresista de Emilio Pérez Touriño fomentara. Deste xeito, lugares como a Illa de San Simón sufriron un continuo abandono, e as asociacións que levaban anos traballando sen axudas de ningún tipo, coa excepción da etapa socialista, volveron a quedar desamparadas por parte da Administración autonómica. Esta situación empeorou aínda máis coa chegada do PP ó Goberno de España, no 2011, que paralizou totalmente as políticas de memoria.

A vitoria dos socialistas nas últimas eleccións xerais permitiu que se retomaran estas iniciativas, dando conta do compromiso electoral adquirido. Así estes días asistimos ao inicio do debate da Proposición de lei de Memoria Histórica e Democrática, todo un avance nos dereitos deste país e pronto será realidade tamén a futura inclusión na reforma do Código Penal do delito de apoloxyía e exaltación do franquismo.

Estas accións xa estiveron precedidas por outras moi relevantes como o traslado do ditador do Val dos Caídos.

E a vitoria nos tribunais da recuperación para os bens públicos do Pazo de Meirás, que fora espoliado no seu día pola familia Franco.

Creemos que agora é o tempo de que os galegos e as galegas rendamos homenaxe ás nosas vítimas, recuperemos a nosa historia e sigamos gañando dereitos en prol das persoas que sufrieron a represión, pois é imposible construír



un futuro dende o silencio e o esquecemento do noso pasado.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai contemplar o Goberno galego no orzamento 2021 unha partida para a recuperación da memoria histórica dos galegos e galegas?
2. Vai elaborar un plan para a recuperación da nosa memoria histórica?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 29/09/2020 17:55:21**

**Pablo Arangüena Fernández na data 29/09/2020 17:55:28**

**Noa Susana Díaz Varela na data 29/09/2020 17:55:39**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O prezo da enerxía vén afectando negativamente importantes sectores da economía galega, como é a industria altamente consumidora de enerxía ou electrointensiva. A situación límite que atravesa a nosa industria non permite demoras na aplicación de medidas ao respecto. Desde hai anos, o goberno central leva demorando a publicación dun Estatuto para a industria electrointensiva, que podería axudar a saír desta difícil situación mais que non acaba de concretarse malia terse aberto xa ata dous procesos de alegacións.

Sen lugar a dúbida, o que recolla ou non este futuro Estatuto condicionará en boa medida o futuro e perspectivas de importantes empresas do noso país. Cómpre, así mesmo, analizar a evolución do sector no último ano e as medidas de impulso que debe arbitrar a Xunta de Galiza.

Este sector ten un impacto fundamental para a economía galega, tanto polo que representa en volume de traballadores e traballadoras como de PIB. Así mesmo, cómpre recordar que o Estatuto de Autonomía de Galiza inclúe no seu





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

artigo 4.3. “que os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reidores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”. En consonancia, no artigo 30.1 contémplase como corresponde a Galiza a competencia exclusiva en materia de “Fomento e planificación da actividade económica en Galicia” sinalándose no artigo 30.7. a competencia para “O desenvolvemento e execución en Galicia de: a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos. b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas. c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”. Así mesmo, o Artigo 28 sinala que “É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes: (...) 3. Réxime mineiro e enerxético.”

Por estes motivos, polo que supón nesta conjuntura o sector electrointensivo galego e polas potestades do autogoberno galego é necesario abordar unha corrección da falta de colaboración, planificación e organización experimentada até momento entre Xunta de Galiza e goberno central. Dunha banda, unha Xunta de Galiza liderada por un Núñez Feijóo sen peso político cuxas demandas sobre o sector non foron tidas en conta. Doutra banda, un goberno central instalado na lóxica electoral e sen dar pasos más firmes no borrador que recentemente coñecemos respecto do Estatuto de Electrointensivas.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a valoración por parte da Xunta de Galiza da situación do Estatuto da Industria Electrointensiva?

Ten analizado o goberno galego o contido do Estatuto da Industria Electrointensiva? A través de que organismos? Valorouno coas principais empresas electrointensivas galegas? E coa representación das e dos traballadores?

Ten pensado o goberno galego impulsar algunha mesa de negociación para reclamar ao central a corrección das cuestiós que poidan ser prexudiciais para Galiza?

En que medidas de impulso ao sector electrointensivo traballa o goberno galego?

Como valora o goberno galego a evolución do sector no último lustro?

E após a emerxencia da covid-19?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2020 11:47:51**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 30/09/2020 11:47:55**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha potencia eólica polas súas condicións xeográficas e tamén por ter sido pioneira na implantación desta forma de xeración. Ese desenvolvemento temperán sufriu unha importante paralización cando no ano 2009 comezou o primeiro dos gobernos de Núñez Feijóo, quen no canto de continuar co concurso eólico aprobado polo Goberno anterior, optou por anular totalmente todo o traballo por puro sectarismo ideolóxico.

A razón dada para a anulación era a suposta ilegalidade da introdución da participación pública no modelo e as decisións políticas do Partido Popular tiveron consecuencias negativas para o país coa paralización de moitos proxectos, a posterior adopción dun marco legal e impositivo sen garantías suficientes e unha grande parálise ata o ano 2019, data na que comezan a mellorar os indicadores. Segundo os datos da Asociación Empresarial Eólica, hoxe Galiza conta con 3.778 MW, cun total de 180 parques eólicos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para o futuro de Galiza é clave apostar por fontes de xeración que reduzan a dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e nese camiño o desenvolvemento eólico é clave. Porén, ao longo do territorio estanse detectando nos últimos anos importantes problemas de colisión entre os dereitos sociais e medioambientais e o lucro do sector. A falta de planificación e ordenación dos gobiernos do Partido Popular e a relaxación dos trámites vinculados á actividade ten provocado situacóns de desamparo e desigualdade de condicóns. Así mesmo, a renuncia a unha política activa de participación pública en favor dun modelo fiscal que acaba repercutindo nas e nos consumidores, tense demostrado como fracasado.

Por todos estes motivos, neste momento de previsión de nova instalación de numerosos parques, é preciso procurar un consenso amplio arredor dun novo modelo eólico con garantías para todas as partes e cunha planificación estratégica ao servizo dos intereses xerais.

Por todo o exposto, formúlase a seguinte interpelación:

- 1.- Como valora a Xunta de Galiza a situación do sector eólico en Galiza?
- 2.- Cales son as súas previsóns de crecemento para o vindeiro lustro?
- 3.- Considera que a covid-19 vai ter repercuśóns? De que tipo?
- 4.- Que actuacóns vai levar a cabo o goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para o noso país?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5.- Considera o goberno galego adecuado modificar o marco legal vixente? Por que?

6.- Como valora o goberno galego o auxe de contestación social dos proxectos ao longo do país? Considera que falta transparencia? Considera o goberno galego que debera ter un papel de asesoramento e fiscalización máis forte?

7.- Ten pensado a Xunta de Galiza impulsar novas formas de participación pública e desistir do seu marco fiscal fracasado respecto da enerxía eólica?

8.- Ten pensado a Xunta de Galiza desenvolver e aprobar un novo Plan Sectorial Eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados? Cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 30/09/2020 11:31:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2020 11:32:09**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 30/09/2020 11:32:29**

**Daniel Pérez López na data 30/09/2020 11:32:47**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao sector da gandaría de carne en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa gandaría agoniza na Galiza no marco dunha encrucillada sen precedentes polo desleixo dunha Consellería máis preocupada en escaparates do rural, aldeas modelo e fundacións que perpetúan os “chiringuitos” herdados de corruptelas pasadas, ca en afronta-las necesidades urxentes dun sector que continúa a afogar lentamente cara a súa defunción.

Temos que ser capaces de reverte-las condicións da ameaza da actual pandemia da Covid-19 e a transición cara o novo programa de desenvolvemento rural 2021-2027 para transformala nunha oportunidade de remuda e posicionamento fronte ós enormes retos que nos depara o futuro próximo.

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco subsectores gandeiros más importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cúncola e o ovino e cabrún.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galicia aportou en 2.018 un 11% da producción de carne de vacún dentro do estado español, un 12% do total da producción avícola, un 4% da producción porcina, un 22% da producción cunícola, un 1,3% da producción ovina e o 1,8% da producción de gando cabrún de todo o estado español.

Pero no mes de marzo deste 2020, o estado de alarma veu trastorna-la vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e diríamos más, de toda a ciudadanía do mundo. E así en Galicia, co parón do turismo e de toda actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración e provocou unha forte baixada dos prezos pagados ós produtores/as que contrasta co incremento significativo no prezo medio da cesta da compra.

Os sectores da carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando, tanto de vacún coma de ovino e cabrún están a padecer especialmente os efectos desta pandemia dun xeito alarmante, e reclaman medidas paliativas urxentes por parte da administración pública.

A caída nas vendas fai que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continúen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se vexan compensados co seu crecemento, sendo a incerteza no mercado unha arma para a especulación cos prezos en orixe por parte da distribución na marco da cadea agroalimentaria.

O sector produtor de carne de vacún no noso país conta con arredor de 20.000 granxas, tendo moi importante presenza en zonas desfavorecidas e de montaña coma actividade económica case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Botemos unha ollada ós lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas de Ourense e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP “Ternera Gallega” que conta con case 8.000 explotacións. Trátase dunha produción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos (50% do mercado), nacionais (45% do mercado) e internacionais (5% do mercado).

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño de 2020 foi de 4'17 euros por quilo/canal en tenreira de calidade Suprema e de 3'5 euros quilo/canal en tenreira galega normal. Se ben os datos do mes de marzo non amosan unha baixada moi forte respecto a marzo de 2019, en abril, maio e xuño de 2020 apréciase un descenso moi acusado, arredor dos 0,50 €/Kg. tanto en Tenreira Galega Suprema coma en Tenreira Galega normal.

Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto ás explotacións cárnica como lácteas, pola baixada de prezos das vacas de desvelle, dos xatos de recría como de consumo, o que está a provocar unhas perdas considerables, que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas. No caso das vacas de desuelle a caída rolda o 50%.

Esta produción cárnica é a principal actividade económica de moitas comarcas do país como como as zonas dos Ancares, Fonsagrada, Comarca de Sarria, a Terra Chá, o Courel ou Macizo Central de Ourense. Dalgunhas case que podemos dicir que é a





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

única, e no caso de desaparecer, viría acrecenta-lo problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da producción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da producción como na do consumo.

Por outro lado se ben é certo que foi o peche e as actuais restricións na “horeca” quen reduciu a demanda, certo é tamén que o consumo de carne nos fogares aumentou nun 33% e aquí as contas non dan.

É de supoñer que industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custes de producción establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei.

O coronavirus está a ser utilizado polas industrias e a distribución para imponer unha baixada xeralizada dos prezos e convertendo en crónica esta caída provocada pola Covid-19.

A campaña electoral deu para todo e así o Sr. Feijóo anunciou, en plena paixón de anuncios e propaganda, que achegaría unha liña de axudas en breve prazo para alivia-lo sector mancado profundamente pola crise da Covid-19. O sector está agardando e o tempo pasa. E nada solucionan as declaracíons de intencións nin as louvanzas:

“E seguiremos traballando xuntos, porque estamos a falar dun sector tractor, dun sector económico que xera emprego e riqueza, que posibilita que siga existindo o rural e que conta cunha enorme capacidade”.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

¿Que foi do anuncio a bombo e prato de finais do mes de xuño, no que o conselleiro de Medio Rural debullou o plan de reactivación e dinamización do medio rural galego e no que a medida urxente estrela era unha partida de 24 millóns de euros para axudas directas destinadas a aqueles produtores/as ou pymes ás que o asfixiante contexto económico dos últimos meses os deixara sen liquidez, poñendo en grave risco a continuidade da actividade económica?

Son vitais as axudas inmediatas ao sector da carne para manter operativas estas explotacións mentres non mellora a situación sanitaria e se normaliza o mercado. Pero axudas que realmente sexan reais e efectivas e non a parodia representada coas axudas excepcionais convocadas para compensar as perdas provocadas polo confinamento da Covid-19 nos sectores de ovino e cabrún.

Unhas axudas que tiveron un exiguo prazo administrativo de 10 días para poder iniciar a súa solicitude e cuns requisitos más pensados para outras comunidades autónomas ca para Galicia.

Tres eran eses requisitos. O primeiro: que a granxa de ovino ou cabrún tivese como mínimo dez reprodutoras. Aí entraban case 4.000 explotacións galegas. O segundo: que fosen solicitantes das axudas da PAC para o sector, co cal as posibles beneficiadas reducíronse a unhas 200. E terceiro e totalmente paradoxal e contradictorio: xustificar movementos de saída de cordeiros ou cabritos da granxa cara matadoiro de alomenos un número igual ou superior ao 60% do total de reprodutoras de máis de 12 meses existentes na granxa.

En que cabeza cabe que nunha situación excepcional de caída das vendas e na que se pretende indemnizar a un sector pola imposibilidade de darlle saída ós animais, se estableza como criterio principal excluínte para o cobro da axuda, manter unha





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

porcentaxe tan elevada na venta de años e cabritos. Esta situación provocou que o 95% das granxas que podían optar á axuda quedasen fóra.

No caso do sector ovino e cabrún a situación é máis dramática, xa que ó agravante de poñer en marcha unha axuda específica para compensa-las perdas nos gandeiros/as que non tivo ningún efecto, hai que engadir a gran estacionalidade das producións (Semana Santa, Verán e Nadal), a tremenda dependencia do sector da restauración e hostalaría e os intentos falidos por buscar unha vía de comercialización para a producción das ganderías de ovino e caprino galegas, que están a ser insuficientes para dar saída ós animais.

Coa hostalería paralizada e a baixada da demanda nas carnicerías, as vendas están sendo escasas e as iniciativas como “Mercaproximidade” e “Vou de Superfeirón”, a canle alternativa activada pola Consellería de Medio Rural, tampouco serviron para abrir unha vía activa de comercialización rendible para esta carne de excelente calidad, xa que serviu en bandexa de prata a cabeza do sector nas mans de cadeas depredadoras, como Vegalsa-Eroski que aproveitou a situación para imoñer uns prezos entre un 20% e 25% máis baixos que no mesmo período do ano anterior.

Vegalsa-Eroski estima adquirir este ano arredor de 3.000 años galegos, cifras semellantes ás do 2019, polo que o negocio sae redondo en canto ó incremento de ganancias nun 11% da distribuidora con respecto ó primeiro semestre do ano pasado, fundamentada na compra de produtos de proximidade, de excelente calidad e case a prezo de custe.

Os años e os cabritos son carnes que unha vez se pasa o seu tempo óptimo para a venda comeza a caer o prezo ou non atopas comprador. Vegalsa-Eroski converteuse nun tratante más grazas ó modelo de negocio amparado pola Consellería de Medio Rural. É un modelo a costa do produtor/a, que ten que regalar os seus años ou cabritos ou ben





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

deixalos na granxa e empregalos como machos reprodutores na recría ó non poder dirlles saída, co sobrecuste tan elevado nunha orientación produtiva na que as marxes comerciais en orixe son máis reducidas se cabe.

É preciso que a Consellería de Medio Rural se apoie nas armas lexislativas existentes ou en tramitación, como a Lei pola que se modifica a Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellora-lo funcionamento da cadea alimentaria, para fortalecer la posición negociadora de agricultores e gandeiros e deixar de manter unha postura negacionista e pouco aberta a realizar propostas construtivas de mellora, tal e como leva declarando o Conselleiro durante toda a fase de anteproxecto.

Esta nova norma incorporará ó dereito, a Directiva sobre prácticas comerciais desleais no sector agroalimentario para reequilibra-la cadea e promove-la transparencia na formación de prezos e prohibirá a venda por debaixo do custe de producción e a destrución do valor dos produtos ó longo da cadea.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforza-la posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións.

Débese conforma-la cadea de valor agroalimentaria de abajo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación agroalimentaria, aumenta-los supostos nos que é obligatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e amplia-lo catálogo de prácticas desleais a evitar na contratación agroalimentaria.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubri-los custes de producción, para os que se debería constituir unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estos valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

Por todo isto formulase a seguinte interpellación:

É consciente o actual goberno galego da grave situación pola que atravesa o sector da carne de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 30/09/2020 16:57:37**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/09/2020 16:57:46**

**María del Carmen Aira Díaz na data 30/09/2020 16:59:25**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a evolución do sistema educativo galego no contexto da pandemia da Covid-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema educativo galego está a enfrentarse a un dos retos más difíciles en décadas. Estamos ante unha situación de gravidade excepcional no que se algo quedou claro é que a comunidade educativa deu un exemplo de rigor, de seriedade e de compromiso con alumando deste país.

Pero a pesar de profesorado, ANPAS e alumnado erixirse como a esperanza e o motor do sistema educativo galego, asistimos tristemente á cara b desta realidade: a dunha Xunta de Galiza que tivo varios meses para preparar este curso escolar pero que se situou na retagarda, na improvisación e nos bandazos constantes.

Esta actitude da Xunta de Galiza trouxo importantes problemas á comunidade educativa que se concretan na falta de profesorado, na xestión dos protocolos, nos cambios constantes de criterio, na falta de transparencia e nunha situación de absoluta incerteza para a xestión dos centros ante a Covid-19.

Dende o BNG cremos que a comunidade educativa atopase nunha situación urxente e que demanda unha actitude proactiva por parte da Xunta de Galiza. Unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

actitude na que o goberno galego implemente medidas para afrontar coas maiores garantías os problemas que estamos a padecer.

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación do ensino público galego no contexto que estamos a vivir coa pandemia da Covid?
- Vai á Xunta de Galiza dotar os centros do persoal e recursos necesarios para atender ás necesidades dos mesmos tal e como demanda a comunidade educativa?
- Vai o goberno galego atender ás necesidades da comunidade educativa nos contextos de ensino a distancia?
- Cre o goberno galego que se está actuando con diliencia e con transparencia na xestión dos casos de Covid-19 no ensino?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/10/2020 10:49:38**

**Daniel Castro García na data 01/10/2020 10:49:41**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/10/2020 10:49:54**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos,** deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 15 de maio de 2017 tivo lugar en Braga a xuntanza do plenario da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, no que o presidente da Xunta de Galiza asumió a presidencia rotatoria do organismo por un período de tres anos. Nesta xuntanza, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que os gobernos español e portugués xa contaban cunha lista de demandas conxuntas galego portuguesas en distintos eidos. Por outra parte, fixo referencia aos principais obxectivos da Comunidade de Traballo para o período 2017-2019: artellamento da Eurorrexión a través da mellora das infraestruturas, potenciar a innovación e o crecemento económico, e a dinamización demográfica.

No tocante ás infraestruturas citou o corredor atlántico da Rede Transeuropea de Transportes, un tren competitivo que conecte Vigo e Porto no contorno dunha hora. No ámbito da innovación e o crecemento sustentábel citou a potenciación do comercio de proximidade e promover os vínculos entre as prazas de abastos; fomentar o intercambio de coñecemento entre as empresas e os centros tecnolóxicos e de investigación; unir forzas nunha Plataforma Loxística Operativa conxunta; e afondar nos intercambios científicos e educativos. E en relación co terceiro obxectivo fixo referencia á reclamación ante a UE de que demografía sexa unha prioridade política que se reflicta nas políticas de cohesión.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## 2. A Comunidade de Traballo está formada por 9 comisións:

- Catro Comisións Sectoriais (Desenvolvemento Sostible e Planeamento, Desenvolvemento Económico e Turismo, Innovación e Eficiencia Enerxética e Cidadanía);
- Catro Comunidades Territoriais de Cooperación (CTC do Val do Miño, CTC do Val do Limia, CTC do Val do Támega e CTC do Val do Cávado) que agrupan institucións de ambos os dous lados da fronteira: Cámaras Municipais portuguesas, Concellos e Deputacións Provinciais de Galicia;?
- Unha Comisión específica, constituída polo Eixe Atlántico do Noroeste Peninsular, que se ocupa da política urbana das cidades que forman parte deste.

3. Nos vindeiros días vaise celebrar na cidade portuguesa de Guarda unha nova cimeira hispano lusa, que pode ser un bo marco para trasladar unha posición común da Eurorrexión e os proxectos de futuro compartidos.

Por todo o exposto anteriormente formúllase a seguinte interpelación:

1. Cal é o balance global da Presidencia da Comunidade de Traballo Galiza Norte Portugal no período 2017-2020?
2. Cales foron os logros máis importantes desta Presidencia?
3. Cantas reunións da Comunidade de Traballo houbo neste período?
4. Cal é o balance destes tres anos do traballo das Comisións?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. Que propostas trasladou a Comunidade de Traballo aos Estados español e portugués con vistas á cimeira hispano lusa que se vai celebrar na cidade de Guarda?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 01/10/2020 11:23:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 11:24:05**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/10/2020 11:24:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos,** deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco da cooperación transfronteiriza entre Galiza e Norte de Portugal aprobouse o Plan de Investimentos conxuntos 2014-2020. Tendo en conta que estamos ao final do período temporal do PIC, sería desexábel que o Parlamento galego fose informado sobre o grao de cumprimento dos obxectivos, dos eixos e das prioridades estratéxicas.

Por outra parte, nestes momentos e tendo en conta o próximo período orzamentario da UE para os anos 2021-2027, é necesario coñecer e acordar as grandes liñas de investimento para este período, que sobarda a duración dunha lexislatura e compromete futuros gobernos máis alá de 2024.

A comezos de 2019 comezou o proceso de redacción do Plan de Investimentos Conxuntos para 2021-2027, que debe ser reorientado tendo en conta a grave crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia da COVID 19.

Un Plan destas características debe contar coa más ampla participación dos axentes sociais, económicos e políticos. E debe ser trasladado ao Parlamento para información, debate e aprobación.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte Interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Cal é o balance de resultados do Plan de Investimentos Conxuntos para o período 2014-2020?
2. Leváronse a cabo todas as liñas de actuación e medidas previstas?
3. Que ámbitos tiveron maior e menor nivel de cumprimento?
4. Que previsións ten a Xunta de Galiza en relación coa elaboración do Plan de Investimentos Conxuntos 2021-2027?
5. Prevé o goberno galego informar ao parlamento do proceso de elaboración do PIC 2021-2027?
6. Ten previsto o goberno galego que o PIC sexa estudiado e aprobado polo parlamento?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iago Tabañés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 11:41:52**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/10/2020 11:41:57**

**Iria Carreira Pazos na data 01/10/2020 11:42:07**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa 2015-2021, foi aprobado por RD 11/2016 do 8 de xaneiro. Este Plan prevé unha ampla relación de investimentos así como outras actuacións de planificación e xestión dos ríos e das augas costeiras de competencia autonómica. Cando xa se consumiu a maior parte do período de execución do Plan, sería oportuno avaliar as actuacións realizadas e as que están pendentes e que poden ser relevantes para a mellora da situación das augas fluviais, das rías e da costa galega.

Ao mesmo tempo, cumpre establecer os obxectivos e prioridades do seguinte Plan Hidrolóxico e que estas sexan coñecidas polo parlamento. A este respecto, sería de especial interese a realización dunha auditoría sobre a situación e deficiencias das EDAR que xestiona directamente Augas de Galiza, que complemente a que xa se fixo para as EDAR de xestión municipal.

Por outra parte, o Plan Hidrolóxico actualmente en vigor prevé a elaboración dos Plans Galegos de Abastecemento e Saneamento, que segundo a información dispoñíbel áinda non están redactados e aprobados.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por último, os diversos problemas que sufren as rías galegas por contaminación, recheos, efectos dos encoros, perda de biodiversidade e alteración dos equilibrios ecolóxicos, efectos do cambio climático, perda de produtividade... fan necesario un estudo multidisciplinar que analice a situación actual e faga propostas de mellora en distintos ámbitos. Galiza conta con especialidades universitarias e centros punteiros de investigación que poderían realizar un estudio destas características.

Por todo isto formulase a seguinte interpellación:

1. Que actuacións previstas no Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021 están pendentes de executar?
2. Que previsión manexa o goberno galego para a elaboración e aprobación dos Plans Galegos de Saneamento e Abastecemento?
3. Ten previsto o goberno galego encargar unha auditoría sobre a situación, funcionamento e deficiencias das EDAR que xestiona a Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia?
4. Ten previsto o goberno galego encargar un estudo multidisciplinar ao sistema universitario galego e aos centros públicos de investigación sobre a situación das rías galegas e as propostas para mellorar a calidade das augas, a biodiversidade, os equilibrios ecolóxicos e a produtividade?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 12:41:26**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 12:41:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 12:41:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Galiza sitúase na cola do estado e de Europa en materia de espazos naturais protexidos. Temos poucos parques naturais e de pequenas dimensións e somos a comunidade do Estado con menos porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura. Nos últimos quince anos non se ampliou a Rede Natura nin se crearon novos parques.

2. A Xunta aprobou en 2014 o Plan Director da Rede Natura, mais a UE reclamou Plans específicos de conservación individualizados para cada un dos espazos protexidos:

“As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión”.

3. Por outra parte, dos seis parques naturais que xestiona a Xunta de Galicia, só tres teñen aprobado o correspondente Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) e os tres son de recente aprobación, nalgún caso máis de 20 anos desde a declaración do parque:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Os PRUX dos parques naturais do Invernadorio e da Serra da Enciña da Lastra aprobáronse en setembro de 2019.

- O PRUX do Parque Natural do Monte Aloia actualizouse en febreiro de 2020.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, con unha superficie de 20.000 hectáreas nos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, foi declarado no ano 1993. En 2018 o goberno galego iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, aínda non concluído.

O parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán foi declarado en 1992. Transcorridos 28 anos, aínda está pendente de aprobación o correspondente PRUX que entre outras cousas debería establecer os límites para o aproveitamento e uso dos recursos.

O Parque Natural das Fragas do Eume creouse en 1997 mais non foi até o ano 2017 cando se iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, que nestes momentos está paralizado.

4. Ademais do escaso número de espazos naturais e da falta de instrumentos de planificación de uso e xestión, os parques adoecen dunha moi baixa asignación orzamentaria e carecen de dirección logo da supresión desta figura por parte da Xunta de Galiza. A Creación do Fondo de Conservación da Natureza podería ser un instrumento eficaz para financiar medidas de conservación, protección, ordenación e dinamización dos espazos naturais protexidos, para fomentar o desenvolvemento sustentábel das comunidades locais e para fomentar o labor das entidades de custodia do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. A non aprobación dos PRUX, a falta de investimentos e de dirección inciden no deterioro e na degradación dos espazos naturais: os lumes, a perda de biodiversidade, a presión dos lobis madeireiros, as especies invasoras son algunas manifestacións do mal estado destes espazos. Os recentes lumes no parque da Baixa Limia-Xurés, que arrasaron 3.000 hectáreas, son a manifestación dun fracaso colectivo e da falta dun proxecto viábel de protección e desenvolvemento integral de territorios de grande valor ecolóxico, social e cultural.

6. A pandemia da COVID 19 puxo de manifesto a importancia da biodiversidade para garantir a saúde, a seguridade e o benestar colectivo. E tamén puxo o foco nos graves riscos derivados da destrucción da natureza e da alteración dos equilibrios ecológicos.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

1. Que previsións ten o goberno galego para a aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos parques naturais que non contan con este instrumento legal?
2. Que previsións ten o goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura e coa aprobación de Plans específicos de Conservación para cada un dos espazos declarados con esta figura de protección?
3. Considera de interese a Xunta de Galicia a creación do Fondo de Conservación da Natureza como unha dotación económica plurianual e estable destinada a conservar a biodiversidade, fomentar a custodia do territorio e financiar programas de loita contra as especies invasoras e plans de conservación de especies vulnerábeis e de recuperación de especies e hábitats en perigo de desaparición?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 13:28:11**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 13:28:15**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 13:28:23**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Paloma Castro Rey e Luís Manuel Álvarez Martínez,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A paisaxe é definida polo director xeral de Conservación da Natureza do goberno presidido por Emilio Pérez Touriño como aquel “anaco de territorio que abrangamos cunha soa ollada, pero tamén como “un xeito de mirar o territorio”: constitúe un elemento fundamental da identidade colectiva e da calidade de vida das persoas e por iso debe ser reflexo fiel dun territorio, dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural e dunha sociedade en relación harmónica co medio, onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, o desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

A aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia, pois converteunos nunha Comunidade Autónoma pioneira, seguindo os pasos de Cataluña e Valencia. A pesares de que o Grupo Popular votara en contra desta lei, o Goberno galego aprobou un regulamento de desenvolvemento, por medio do Decreto 96/2020, do 29 de maio, que entrará en vigor 12 anos despois da lei. Tardará case tanto como en se reunir, por primeira vez dende aquela lei, o Consello Asesor da Paisaxe, con 38 persoas que o constitúen e que se vai encargar de emitir informes de recomendacións non vinculantes.

Xa que logo, o Goberno actual recoñece por fin a gran importancia da paisaxe galega, da necesidade de mirar por ela e de protexer os seus elementos, áinda que non sexa favorable á creación dun necesario Observatorio Galego da Paisaxe. Pola contra, este proxecto de regulamento regula con efusividade e con moitas competencias o Instituto de Estudos do Territorio, que descoñecemos se vai afrontar todos estes novos retos, se vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe ou se vai ampliar a súa dotación económica (sobre todo se



temos en conta que, en 2019, o seu orzamento era de 3,129 millóns de euros e, para 2020, só se incrementa en 810.000 euros máis).

Por outra parte, o regulamento é un contenedor xurídico baleiro que se remite a outros instrumentos que a este ritmo non chegarán a desenvolverse nas nosas vidas, e que apenas fala de impulsar unha auténtica e obrigatoria recuperación paisaxística dos espazos degradados -sexa pola actividade mineira ou por calquera outra actividade-, de como facelo, de cando esixilo, de que garantías pedir ou das competencias das persoas responsables dos distintos departamentos da Xunta de Galicia. Nin aborda de maneira suficiente outros temas que están a ter e que van ter no futuro un grande impacto na paisaxe, como os futuros parques eólicos, cada vez más altos e potentes, ou a proliferación indiscriminada dunha especie forestal como o eucalipto que se caracteriza pola uniformización da paisaxe, dado que carece das variacións estacionais na cor da follaxe que son típicas das especies autóctonas de Galicia e que conforman o fermoso colorido dos territorios do noso entorno no outono e na primavera. Nin aborda o problema dos incendios forestais malia os estragos que están a producir en canto a perda de calidade paisaxística e a destrucción do patrimonio natural. Nin tampouco trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe ao ensino, sobre todo nos ciclos educativos para as nenas e nenos.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia para o país?
2. Por que tardou 12 anos en desenvolver a lei mediante o correspondente regulamento?
3. Canto estima que vai tardar en desenvolver os instrumentos coma as directrices da paisaxe e outros contemplados no regulamento?
4. Por que o Goberno non é favorable á creación dun Observatorio Galego da Paisaxe e non o contempla no regulamento?
5. Como vai afrontar o Instituto de Estudos do Territorio os novos retos que recolle o regulamento? Vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe? Vai ampliar a súa dotación económica para tal fin?
6. Por que o regulamento non recolle accións e medidas para a corrección paisaxística dos lugares degradados? Por que non considera a proliferación do



eucalipto como un asunto que afecta a calidade paisaxística? Por que tampouco aborda o problema dos incendios forestais?

7. Por que non trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe no ensino galego?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Patricia Otero Rodríguez  
Paloma Castro Rey  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 14:16:51**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2020 14:17:00**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:17:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2020 14:17:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Dirección Xeral de Xustiza de Galicia, non pode ser alleo a realidade que está a vivir a nosa comunidade, na que se está a entrar nunha segunda nova ola da pandemia da Covid-19.

O persoal da Administración de Xustiza non é alleo a estes contaxios, así temos exemplos recentes en Pontevedra, Ribeira e Vilagarcía. Estreitamente relacionados cunha mala xestión da desescalada.

Xa que dende a Dirección Xeral de Xustiza, dotouse ao persoal ó servizo da Administración de Xustiza de Galicia, de escasas medidas de seguridade, que denotan unha clara improvisación, e que podemos resumir en máscaras insuficientes, mamparas escasas e pouco adaptadas aos espazos que deberían protexer, medidas de hixiene non acordes coa situación.

A Xunta de Galicia está a incumprir o establecido na normativa estatal ditada para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, na que se establecen medidas concretas para adaptar o traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, a situación sanitaria na que nos atopamos sen poñer en risco a súa saúde.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia dotar aos funcionarios e funcionarias da Administración de Xustiza de Galicia dos medios materiais, persoais e formación suficiente para adaptar o seu traballo a nova normativa ditada, a consecuencia da pandemia da Covid-19, e así garantir a súa seguridade?
2. Vai dotar ao persoal de Xustiza de material de protección suficiente para garantir a súa seguridade fronte aos contaxios?
3. Vai a implementar medidas que limiten o acceso aos edificios xudiciais ou minimicen o contacto entre o persoal e as persoas usuarias?
4. Vai tomar medidas en relación ao aumento do número de positivos por Covid-19 dentro dos funcionários e funcionarias da Administración de



Xustiza de Galicia?

5. Vai a adoptar medidas precisas que garantan o teletraballo?
6. Vai a adoptar medidas reais para impulsar o expediente dixital?
7. Vanse crear servizos de dixitalización?
8. Vaise dotar estes servizos de medios materiais e persoais?
9. Vanse formar aos funcionarios e funcionarias para levar a cabo esta dixitalización?
10. Cuntos aparatos de videoconferencia teñen para toda Galicia?
11. Están os funcionarios e as funcionarias formadas para realizar videoconferencias?
12. Creáronse servizos de videoconferencias?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:21:48**

**Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 14:22:45**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno de España vén de aprobar un Real decreto-lei que permite ás comunidades autónomas contratar profesionais sanitarios para facer fronte á Covid-19, con medidas de contratación excepcional para persoal facultativo e non facultativo. Estas medidas permiten contratar profesionais que contan coa titulación de grao, licenciatura ou diplomatura correspondente, aínda sen o título de especialidade recoñecido en España, para realizar funcións propias dela.

Poderán ser contratados quen fixeran as probas selectivas de formación sanitaria especializada en 2019/2020, superando a puntuación mínima aínda sen resultar adxudicatarios de praza. Tamén será posible contratar profesionais sanitarios con título de especialista obtido nun Estado non membro da UE, sempre que cumpran procedementos administrativos que os avalíen (recollidos no propio decreto). Estes contratos permitirán realizarse por ata 12 meses, prorrogables por períodos de 3 tres meses posteriormente.

Estas medidas recollidas no decreto permiten, ademais reforzar a Atención Primaria, coa apertura da posibilidade de que presten servicios en AP os profesionais estatutarios que agora poden desempeñar funcións nos hospitais, se así o considera a Comunidade Autónoma a través das consellerías competentes.

Esta medida abre a posibilidade de reordenar os Recursos Humanos con maior flexibilidade, e de incorporar este ano ao sistema a milleiros de profesionais que cumpren estes requisitos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos contratos para profesionais sanitarios ten previsto ofertar a Xunta de Galicia ao abeiro das oportunidades facilitadas polo Goberno de España?
2. Que áreas vai priorizar o Goberno da Xunta nesta contratación extraordinaria que ten á súa dispoñibilidade?



3. Cando vai iniciar o Sergas o procedemento para esta oferta de prazas?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 17:24:30**

**Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 17:24:38**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á coexistencia do gando cabalar e o lobo en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As greas de cabalos en semiliberdade no monte galego foron usos habituais desde a noite dos tempos. Desde o garrano puro ata o pura raza galega e as mesturas e cruces hai onde escoller para este antigo e agora novo aproveitamento silvopastoril.

A riqueza dun país non se mide só en cifras de macroeconomía e a xeración de valores materiais. Tamén se manifesta na sensibilidade para facer rendibles e sostibles sistemas ancestrais que sobreviviron ó paso do tempo conservando superficies, fauna e actividades que se caracterizan polo seu alto valor cultural, ecolóxico e identitario. Nos anos 70, os datos oficiais apuntaba a que Galiza contaba con 22.000 cabalos bravos nos montes. Hoxe, segundo indican os expertos, este número reduciuse praticamente na metade.

A presenza de bestas no monte leva décadas en retroceso en Galiza, un proceso que se acentuou nos últimos anos a raíz da obriga de marcar con microchip tódolos cabalos. As responsabilidades que recaen sobre os propietarios por posibles accidentes de tráfico, unidas a outras trabas, están a facer que os propietarios particulares e comunidades de montes se desfagan das súas greas. Unha das consecuencias da redución de cabalos é que as mandas que quedan, sofren unha maior presión dos lobos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Na actualidade, a presenza das bestas en montes comunais, xeralmente perimetados, coma biodixestores de biomasa e activos axentes preventivos dos lumes conta cun inimigo principal que non é o lobo, senón a deficiente xestión do asunto pola administración galega. Os cabalos galegos son grandes consumidores de toxo, tanto dos brotes como da propia madeira, equilibrando a súa alimentación con diversas especies herbáceas espontáneas, como as carqueixas, as queiroas e todo xeito de arbustos, diminuíndo o risco de incendios e favorecendo a fertilidade do solo e a limpeza e roza naquelas zonas nas que se alimenta.

As greas non se renovan porque os poldros non superan o inverno debido ós ataques do lobo. As bestas e cabalos constitúen en boa parte de Galiza entre o 50 e o 90% da dieta do lobo. A continuada baixada da poboación de equinos preocupa a gandeiros e investigadores, pois está constatada a súa eficacia como vía indirecta de prevención de ataques ó gando nas granxas.

O mantemento das bestas e dos cabalos nos montes galegos é un método indirecto de prevención fronte ao ataque do lobo. A cuestión é que os/as propietarios/as dos cabalos carecen praticamente de indemnizacións polos ataques de lobo. Así en zonas como o MVMC de Carballo Vivo en Friol, que mantén unha grea de 25 animais, ven salvando unha media de 2 poldros ó ano. Así na última década, porén acumular mortes de 100 poldros, unicamente percibiron indemnizacións por dous animais.

Outro tanto acontece co gando vacún en extensivo e en semiliberdade, que coma no caso do cabalo contribúe tamén no control de biomasa e proporciona ingresos ás xentes que viven da gandaría, ademais de sacar adiante un producto alimenticio de primeira calidade e contribuír á xestión do territorio que ten no abandono poboacional e na ausencia de xestión o seu máis principal problema.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A presenza do lobo nas serras e montes galegos é necesaria coma dereito propio de especie e controlador de especies e doenças na fauna da que depende.

Pero a existencia do cabalo e deste gando en extensivo está ameazada de morte por contar, o primeiro, con greas deficientemente constituídas e ser así presa fácil, e por ser tan difícil, moitas veces, atopar os restos dos animais mortos tras o ataque.

As perdas non resarcidas de poldros no monte provocan o desánimo dos gandeiros. Cada ano unha proporción moi elevada dos poldros nacidos son depredados polos lobos, e os besteiros nin sequera poden denunciar os danos, xa que as axudas van asociadas á localización do cadáver, moi difícil en animais que viven ceibos no monte. Outro tanto acontece co vacún en semiliberdade.

Certamente non se pode nun monte de 400 ou 500 ha. facer un percorrido minucioso cada 48 horas buscando os despoxos dun ataque recente para poder dar aviso e cumplir coa norma para cobrar unha axuda de danos.

O desánimo, o abandono e a incomprendición de parte da administración provoca a diminución deste gando no monte coma actividade rendible para os comuneiros e para a sociedade desde os puntos de vista tanto económico coma ambiental.

Así, desanimados e deixados á súa sorte pola administración, besteiros e gandeiros van abandonando esta actividade mentres aumenta a rabia e culpabilidade cara ó lobo coma catarse e foco de tódalas iras.

Se queremos dar solución a este problema e aumenta-lo uso deste sistema agroforestal debemos buscar solucións que se axeiten á realidade.

Unha delas pode ser facer un reconto por greas, ou por propietario, ou por monte cercado, das femias en idade fértil, porcentualizar un promedio de preñeces e partos





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

fallidos, botar contas e no verán, nos recontos e curros facer unha resta e resarci-las perdas ocasionadas polos ataques da fauna salvaxe.

Se a ameaza da posible picaresca pon medo con esta medida, poderíamos busca-la solución nunha axuda positiva por besta ou vaca nodriza no monte. Estima-lo promedio de poldros ou cuños que son depredados ó ano por zonas en Galicia, ou en xeral, e partir da base de que o promedio é que por cada 10 nais no monte. Que o pago sexa por bestas no monte, para compensa-las perdas que se espera que poida haber.

Isto permitiría vence-lo desánimo, poder constituir greas más resilentes ós ataques e que o lobo desprazase a súa atención a outras especies coma o xabaril. E consegui-lo fin último que se pretende que non é máis que lograr a coexistencia de besta e lobo no mesmo hábitat en harmonía co home en beneficio da sociedade en xeral.

Por todo isto formúlase a seguinte interpellación:

Que medidas ten previsto tomar o goberno galego para remediar a situación de deterioro dos ecosistemas onde vive o garrano e das dificultades que atravesan a coexistencia das greas e rabaños de gando cabalar e vacún en liberdade ou semiliberdade por mor do lobo?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Maria González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 01/10/2020 17:34:39**

**María del Carmen Aira Díaz na data 01/10/2020 17:34:43**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/10/2020 17:34:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**

As revelacións que nos últimos meses se están coñecendo sobre o chamado caso Kitchen que investiga a Audiencia Nacional teñen levado a algúñ medio a falar do mesmo como o Watergate español e a diversos xuristas a opinar que se trata dun caso dunha gravedades en precedentes, dado que se trata da presunta utilización dos medios e recursos do Estado para tarpar a corrupción do partido que gobernaba nese momento, é dicir, o uso ilegal do Estado contra o propio Estado.

A investigación céntrase en dirimir se existiu un operativo "parapolicial" supervisado e financiado con fondos reservados do Ministerio del Interior entre 2013 y 2014 para recuperar documentos e gravacións comprometedoras para o PP, que se atopaba nese momento sendo investigado xudicialmente pola súa contabilidade e por presuntos delitos de corrupción que logo deron lugar á condena do caso Gürtel, entre outros procedementos que se atopan hoxe en distintos momentos e etapas da súa tramitación xudicial.

Entre os imputados neste caso figuran o ex ministro do Interior e o seu número dous, así como a cúpula policial da época, estando ademais identificados decenas de axentes da Unidade Central de Apoyo Operativo da Policía como presuntos participantes nese operativo.

No ámbito desa investigación, fálase de “papeles que probarían pagos en B en sedes do PP de Galicia, Madrid ou Valencia”.

A pesar da enorme transcendencia dos feitos que xa se coñecen, o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracíons reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ó Consello da Xunta de 10 de



setembro, sinalou que “estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos”, a pesar de que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que “nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual”, ademais de sinalar que no PP xa “están acostumados” a que se “critique e recritique por feitos que pasaron hai más dunha década”.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que opinión lle merece ó Goberno de Galicia a presunta utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do partido ó que pertence ese mesmo governo que se investiga pola Audiencia Nacional no coñecido como caso Kitchen?
2. Participou o Goberno de Galicia de xeito directo ou indirecto nesa utilización, habida conta de que os documentos que obran incorporados na causa refiren pagos en B en sedes do PP de Galicia, Valencia e Madrid?
3. Vai seguir o Goberno de Galicia, a través do seu presidente, relativizando a gravidade dos feitos que se investigan na audiencia nacional?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Paloma Castro Rey  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 17:57:31**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 17:57:47**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a xestión que a Xunta de Galiza fai dos fondos Covid destinados ao ensino.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai varias semanas está a producirse unha forte preocupación na comunidade educativa e na sociedade galega pola xestión que a Xunta de Galiza está a facer dos fondos destinados a paliar os efectos da Covid-19.

Estamos a falar dunha partida aprobada polo Ministerio de Educación e as Comunidades Autónomas, que ascende a 93 millóns de euros. Mais ante a falta de profesorado e ante as necesidades educativas crecientes que se están a dar neste curso, medra a inquietud polo desconocemento e a falta de transparencia na xestión destes fondos.

Cómpre destacar que foi o propio presidente da Xunta o que solicitou na Conferencia de Presidentes a posibilidade de investir estes fondos noutras eidos que non fosen estritamente educativos e, por iso, na actualidade, co curso escolar iniciado e coas carencias e necesidades que xorden na comunidade educativa,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

faise imprescindíbel coñecer e garantir a maior transparencia sobre a xestión que o goberno galego está a realizar dos 93 millóns de euros dos fondos Covid -19.

Por todo o exposto anteriormente formulase a seguinte interpelación:

1. Cal foi o total do montante dos fondos Covid destinados á contratación do profesorado para este curso académico?
2. Cal é a porcentaxe sobre o total dos fondos Covid concedidos que foi executada?
3. Por que o goberno galego a pesar de dispoñer de fondos dispoñíbeis para a contratación de persoal non dotou os centros de ensino do persoal que estes demandaban para afrontar as consecuencias da pandemia?
4. Considera o goberno galego que a situación que se está a dar nos distintos niveis e educativos e en especial no alumnado de bacharelato, que preparam as ABBAU en moitos casos en réxime de semipresencialidade, merece investir máis partidas destes fondos para a contratación de profesorado?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/10/2020 18:01:57**

**Daniel Castro García na data 01/10/2020 18:02:00**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/10/2020 18:02:10**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o transporte do alumnado de Bacharelato afectado polas mudanzas horarias establecidas nos centros educativos de secundaria de Lugo con motivo da COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos centros educativos da cidade de Lugo como o IES San Xillao ou o Virxe dos Ollos Grandes, mudaron os seus horarios lectivos para dar cumprimento ao protocolo COVID-19 aprobado pola Xunta de Galiza.

Perante a imposibilidade de garantir o distanciamento físico e o número de estudantes por aula que garantirían a necesaria seguridade nas aulas, víronse na obriga de habilitar unha quenda de tarde e mesmo iniciar aulas con maior antelación, a partir das 8.30 horas.

Estes centros contan con estudantes que viven noutros concellos como O Corgo, Portomarín, Nadela, Castroverde ou Guntín. As escasísimas liñas de transporte e horarios cos que conta a veciñanza das comarcas de Lugo fai imposible que estas e estes alumnos poidan acudir ao centro ou volver á casa despois das aulas en autobús.

Tendo en conta as circunstancias absolutamente excepcionais nas que nos atopamos e que a mudanza horaria responde ao protocolo fixado pola Xunta de Galiza,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

desde o Bloque Nacionalista Galego –ao igual que as familias e estudiantes afectados-- cremos que é obriga do goberno deste país garantir fórmulas que permitan –en condicións de equidade-- acceder ao ensino a todo o alumnado independentemente do seu lugar de residencia.

Mais esta situación non afecta só ao alumnado, aínda que si o fai de maneira más gravosa por seren menores de idade. As péssimas comunicáisons en transporte colectivo coas que conta o rural galego prexudican ao conxunto da veciñanza destas localidades que dependen do seu vehículo particular ou mesmo dun taxi.

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir os dereitos do alumnado do rural que ficou sen transporte para ir ao instituto a Lugo?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2020 13:12:59**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/09/2020 13:13:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2020 13:13:10**

**Daniel Castro García na data 25/09/2020 13:13:20**

## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez,, Marisol Díaz Mouteira, Diego Calvo Pouso, Daniel Vega Pérez e Borja Verea Fraiz** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

A dragaxe da ría do Burgo é unha actuación, de competencia do Goberno central, demandada e agardada, que parece demorarse no tempo.

Trátase dunha intervención cun custo estimado que supera os 46 millóns de euros e que conta ademais para o seu financiamento coa partida consignada nos Orzamentos do Estado de 2018, aínda vixentes, e con financiamento europeo, tras frutificar a solución proposta pola Xunta de que se destinases os fondos comunitarios do treito estatal que fosen inexequibles en prazo a esta actuación de rexeneración ambiental do litoral.

A dragaxe da ría do Burgo por parte do Goberno español permitirá completar a mellora da calidade ambiental da ría, acometida pola Xunta nos últimos anos. O Goberno galego ten dedicado máis de 100 millóns de euros a actuacións de apoio aos concellos da ría nas súas competencias de saneamento e depuración, que redundaron en beneficio dos municipios da Coruña, Oleiros, Culleredo e Cambre, fundamentalmente.

É coñecido que nos últimos meses, o Executivo español non fixo máis que poñer trabas e impedimentos para proceder á licitación das obras de dragaxe, como lle corresponde.

Nunha reunión recente entre a Asesoría Xurídica da Xunta e a Avogacía Xeral do Estado chegouse a unha solución que despexa o camiño xurídico para poder licitar a dragaxe sen necesidade de que se paralice o marisqueo previamente, poñendo de manifesto que non hai impedimento legal nin xurídico para poder iniciar a contratación das obras á maior brevidade, como viña sostendo desde hai tempo o Goberno galego.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

1. Cal é a información da que dispón o Goberno galego sobre a previsión de licitación e execución das obras de dragaxe da ría do Burgo que lle corresponde levar a cabo ao Goberno español?



Santiago de Compostela, a 25 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 25/09/2020 16:27:53**

**María Elena Candia López na data 25/09/2020 16:28:11**

**Ramón Carballo Páez na data 25/09/2020 16:33:19**

**María Sol Díaz Mouteira na data 25/09/2020 16:33:32**

**Diego Calvo Pouso na data 25/09/2020 16:33:43**

**Daniel Vega Pérez na data 25/09/2020 16:33:57**

**Borja Verea Fraiz na data 25/09/2020 16:34:43**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantes asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxección á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán disponer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutritir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.



O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara ás formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudio e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introdución
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

- 3.1. Financiamento local.
  - 3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.
  - 3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño deste ano, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e establecécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito Plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais
- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.



Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle achegasen o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp un novo sistema de reparto de transferencias non finalistas aos concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2020 17:21:25**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/09/2020 17:21:40**

**Paloma Castro Rey na data 25/09/2020 17:21:59**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: “*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cuntos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxección á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*” E no artigo 105.1 establece: “*de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.*”

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.



Nas súas cláusulas, establecécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

*“I.-Financiamento:*

*Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:*

- *Regulación do Fondo galego de cooperación local.*
- *Fondo de compensación interterritorial*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”*

Pasados 14 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e sen que se teña desenvolto na súa totalidade, é momento de iniciar o debate sobre un II Pacto Local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, que estableza claramente as competencias de cada administración así como a suficiencia financeira para levalas a cabo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego abordar o debate sobre a actualización do Pacto Local Galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2020 17:22:19**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/09/2020 17:22:38**



**Paloma Castro Rey na data 25/09/2020 17:22:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao gromo de COVID-19 na nave de Avigal no polígono de Cambados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser coñecida a existencia dun gromo masivo de coronavirus na empresa Avigal situada no polígono industrial Sete Pías do concello de Cambados. A día de hoxe son máis de 100 as persoas afectadas entre traballadorxs, familiares e contactos.

É moita a preocupación no conxunto da comarca do Salnés, toda vez que as persoas que traballan nesta empresa residen en diferentes concellos da comarca e todo indica que poden ser moitas as persoas asintomáticas que estiveron días desenvolvendo actividades cotiáns con normalidade pola comarca, co que significa de multiplicación de contactos.

Segundo a información recollida nos medios de comunicación os días 12 e 13 de setembro xa había traballadorxs con síntomas, traballadorxs con contactos con positivos que seguiron traballando, que a pesar desta situación mantiveron a actividade produtiva e até o sábado 26 non se pechou a empresa para proceder a limpar e desinfectar a nave a fondo.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta situación fixo saltar todas as alarmas e son moitos os interrogantes sobre como se ten actuado que precisan resposta. Detectar xs positivxs, identificalxs, illalxs e facer seguimento dos contactos é unha carreira contra o tempo, e a magnitude do gromo parece indicar que non se actuou con celeridade.

Se unha empresa ten casos de positivos o normal é que de inmediato se tomen medidas drásticas para protexer a saúde das persoas que traballan nela e cortar a cadea de contaxios: realizar probas a todo o persoal, illamento inmediato dos contactos, desinfección das instalacións e parar a produción se hai un número de positivos que fan sospeitar un contaxio xeneralizado.

Todo indica que nada diso se ten realizado na nave de Avigal en Cambados; todo indica que tanto a empresa como a Xunta coñecían desde había días a existencia de positivos, a pesar do cal continuouse traballando, pon en evidencia que a empresa primou a actividade fronte á saúde dxs traballadorxs e que o Sergas sabía deste gromo e non actuou.

Este contaxio masivo prodúcese nun contexto de tensión e nerviosismo xeneralizado nas empresas pola situación de desprotección e desamparo no que se atopa a clase traballadora diante do risco de contaxio pola COVID-19.

O BNG non acepta que se pretenda desviar a responsabilidade cara teóricas actuacións individuais dxs traballadorxs como orixe dos contaxios; moi ao contrario o que está a acontecer en Avigal ten que servir para analizar como están actuando os responsábeis das empresas e a Administración, que están facendo para prever contaxios no ámbito laboral, que seguimento e inspeccións se realizan para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos postos de traballo, vestiarios que permitan cambiarse con condicións de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxelos para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos...

É preciso rematar coa situación de que diante da sospeita de contaxio xs traballadorxs teñen que enfrentarse a toda unha carreira de obstáculos para conseguir ser atendidxs. As mutuas non se están responsabilizando da realización de probas de detección de Covid-19, son xs propixs traballadorxs os que teñen que acudir xs médicxs de familia.

Consideramos imprescindíbel saber que fallou para que praticamente a totalidade do cadre de persoal dunha empresa con máis de 100 traballadorxs acabe contaxiándose e con elxs a moitxs veciñxs da comarca do Salnés.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que ten realizado unha actuación axeitada para detectar xs positivxs, identificalxs, illalxs e facer seguimento dos contactos no gromo de Covid-19 da nave de Avigal no polígono Sete Pías de Cambados?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 28/09/2020 13:52:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2020 13:53:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2020 13:53:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade dunha cobertura estable das ausencias en pediatría e o necesario incremento no número de pediatras na comarca da Mariña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe son moitos os problemas que a comarca da Mariña ten en relación aos servizos públicos de pediatría. Estas problemáticas, alén de ser moitas, repítense en case todos os concellos da comarca.

Coa intención de concretar e resumir as principais eivas, podemos concluír que a totalidade dos concellos da Mariña ten problemas á hora de cubrir as ausencias dos e das pediatras titulares, levando a que moitos pais e nais teñan que desprazarse até o xa sobrecargado Hospital da Mariña para que os seus fillos e fillas sexan atendidos.

Este é o caso das localidades de Mondoñedo, Lourenzá e Barreiros que comparten servizo pediátrico nuns días e unhas horas determinadas ao longo da semana, mais tanto as baixas, como as vacacións da profesional seguen sen ser cubertas, provocando os agravios antes citados.

Algo moi semellante lle ocorre aos concellos de Xove e Cervo que ven como desde o mes de marzo a baixa da facultativa do Centro de Saúde de San Cibrao, que dá





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cobertura pediátrica a uns 650 nenos e nenas, segue sen ser cuberta, obligando aos seus pais e nais a desprazarse ao hospital de Burela, ao igual que no caso de Mondoñedo, Lourenzá e Barreiros.

Por desgraza, todo o anterior está a ocorrer desde hai xa máis de un mes no concello de Ribadeo. A pediatra do Centro de Saúde de Ribadeo ao atoparse de baixa continua e sen ter un relevo provoca o feito de que se comecen a dar citas con máis de mes e medio de espera, afectando igualmente ao concello de Trabada.

Estas tres casuísticas son un bo resumo do que leva acontecendo durante moitos anos na comarca da Mariña e en todo o país. Mais alén deste agravio tantas veces vivido, é necesario engadir o caso dos concellos de Alfoz e O Valadouro. Estes dous concellos levan reclamando desde 2014 de maneira unánime nas súas dúas corporacións a necesidade imperiosa de contar co servizo de pediatría, para non facer que 300 nenos e nenas xunto cos seus pais e nais se teñan que desprazar ao Centro de Saúde de Foz, onde unha pediatra cunha redución de xornada que non está sendo cuberta, vese desbordada ao ter que atender as crianzas deses dous concellos a maiores da xa sobrecargada cota de Foz.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Non considera necesario a Xunta de Galiza dar solución de maneira urgente aos problemas relacionados coa ausencia de servizos pediátricos en numerosos concellos da comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Daniel Castro García**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2020 14:14:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2020 14:14:06**

**Daniel Castro García na data 28/09/2020 14:14:14**

**Iria Carreira Pazos na data 28/09/2020 14:14:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urbanización e mellora da seguridade viaria na PO 308 na avenida da Barca (Poio).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-308 é unha estrada autonómica que comunica Pontevedra con Sanxenxo e O Grove. Trátase dun vial que ten unha elevada intensidade de tráfico e que atravesa un continuo de núcleos de poboación e zonas urbanas dos concellos de Poio e Sanxenxo, cunha alta densidade poboacional e unha intensa actividade económica e social.

Todos estes factores fai que sexa unha estrada perigosa, con unha alta sinistralidade viaria e unha cifra moi elevada de accidentes de tráfico, que provocaron numerosas vítimas mortais e persoas feridas. Especialmente preocupante é o alto número de atropelos de viandantes e ciclistas que se producen nesta estrada.

Se ben a Xunta de Galiza está levando a cabo actuacións de mellora da seguridade nesta estrada, a realidade é que se trata de actuacións parciais en determinadas zonas (plan de sendas xunto con obras de mellora da seguridade en determinados treitos coa construcción de rotondas ou mellora de interseccións) mais falta un plan integral de mellora de todo o vial así como o deseño e execución de alternativas que permitan desviar o tráfico das zonas urbanas.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Un dos puntos más problemáticos desde o punto de vista da seguridade viaria é a travesía da Barca e Andurique en Poio. Trátase dun treito plenamente urbano, con moita actividade residencial, comercial, hostalería e de servizos en xeral, no que son frecuentes os accidentes e especialmente os atropelos de peóns. O último produciuse o pasado sábado 26 de setembro, co resultado dunha persoa ferida de gravidade despois de ser atropelada cando cruzaba por un paso de peóns.

Malia ser unha zona plenamente urbana, a PO 308 ten nesta zona características de estrada de paso, cun tráfico moi intenso e con moitas deficiencias en materia de seguridade, accesibilidade e comodidade para as persoas que se desprazan a pé. Até agora a Xunta de Galiza desentendeuse deste treito da vía, na que só se realizaron parches como a colocación de bolardos.

Para corrixir todas estas eivas e riscos faise necesario levar a cabo un proxecto de urbanización desta avenida, que permita calmar o tráfico, darlle un tratamiento urbano na ordenación do espazo público, dotación de mobiliario, alumado e cumprimento de estándares de accesibilidade e seguridade para todas as persoas. Trataríase de levar a cabo unha actuación integral de urbanización, tal e como se fixo recentemente nesta mesma estrada na avenida do Progreso en Sanxenxo.

Por outra parte, existe a previsión de construcción dun vial alternativo a este treito da PO 308. Trátase do vial do Vao, que ten por obxecto comunicar a PO 308 coa PO 531 Pontevedra-Vilagarcía e que leva 10 anos paralizado.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para mellorar a seguridade viaria na estrada PO 308 na zona da Barca e Andurique en Poio, na que se producen se maneira reiterada atropelos de peóns?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 28/09/2020 17:07:28**

**Paulo Ríos Santomé na data 28/09/2020 17:07:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2020 17:07:38**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Centro Tecnolóxico da Carne, é unha fundación dependente da Consellería do Medio Rural, situada no polígono industrial de San Cibrao das Viñas de Ourense, cos obxectivos de dinamizar e mellorar a capacidade competitiva do sector agroalimentario de Galicia, fomentando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico do sector, a través dos seus servizos como poden ser as analíticas nos seus laboratorios, a asistencia técnica a empresas e produtores ou a formación. A dita fundación ten convenios de colaboración coas universidades, empresas, asociacións sectoriais, centros tecnolóxicos e entidades formativas. O Ceteca xestiona unha gran cantidade de fondos públicos e subvencións, polo tanto, o seu funcionamiento deberá ser transparente e non ter ningún tipo de dúbida sobre a súa xestión.

No ano 2017 produciuse un rexistro policial á dita fundación, dentro dunha operación xudicial que investigaría ao Ceteca por indicios de prevaricación, falsidade documental, delitos conta a facenda pública e malversación de fondos.

Este 23 de setembro de 2020, coñecemos unha nova operación policial entorno ao Centro Tecnolóxico da Carne, nesta actuación procedeuse á detención, de máis de media ducia de persoas ligadas ao dito centro, os detidos foron levados a declarar ante a xustiza e posteriormente foron postos en liberdade.

O dito organismo público ten na súa xerencia ao que, anteriormente, fora director xeral de Gandaría da Consellería do Medio Rural. Hoxe continúa nas súas funcións de xerente, a pesar das investigacións abertas no ano 2017 por posibles delitos relacionados con desvíos de fondos públicos para uns fins diferentes aos que estaban dirixidos.

Desde o Grupo Parlamentario Popular, presentaron na Comisión 7ª do Parlamento celebrada o do día 24 de setembro de 2002, unha proposición non de lei para lle pedir ao Goberno galego a creación dunha nova fundación "sustentada" na base da investigada xudicialmente, para integrar nunha estrutura única o desenvolvemento funcional dos centros de investigación públicos da Consellería do Medio Rural.



Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que explicacións pode dar o Sr. conselleiro do Medio Rural, ante as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne, despois das recentes detencións?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 29/09/2020 17:05:22**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/09/2020 17:05:44**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación xerada a consecuencia da expansión da Covid-19 está a supor un forte impacto económico para os concellos de toda Galicia coa adopción de medidas inmediatas non previstas nos orzamentos e que tiveron que asumir os concellos sendo competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

É evidente que a competencia sanitaria é exclusiva da Xunta de Galicia e que os gastos sanitarios excepcionais derivados da pandemia da Covid-19 que tiveron os concellos deberían ser asumidos polo Goberno autonómico presidido polo Sr. Feijoo.

O Concello de Vilaboa con 6.000 habitantes conta co Centro Rural Agrupado de Vilaboa Consuelo González Martínez, o CEP Riomaio e o CPI O Toural e unha escola de Educación Infantil pertencente á rede Galiña Azul. Os equipos directivos dos centros xunto co Concello prepararon o curso escolar tanto a nivel de protocolos Covid-19, que foron deseñados polos equipos directivos e logo trasladados as ANPAS, como polos arranxos de mantemento que se estiveron facendo todo o verán e o reforzo de limpeza e desinfección que se levou a cabo en agosto e primeiros de setembro para que co inicio do curso todo estivera a punto.

O Concello asumió en solitario tódolos custes de preparación dos centros para levar a cabo os protocolos da Covid-19.

A Administración local solicitou á Consellería de Educación un reforzo do persoal de limpeza polas mañás 2 horas cada día por centro. A Consellería aínda non deu ningunha resposta ao Concello de Vilaboa.

O Goberno municipal de Vilaboa reforzou o cadro de persoal de limpeza con tres persoas a maiores das que xa dispúñan, mercou unha máquina para realizar desinfeccións nos espazos abertos arredor dos colexios e realizou obras en tódolos centros mencionados, que dependen das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e da Consellería de Política Social.



Fixéronse dúas peticións á Xunta de Galicia tanto para o reforzo da limpeza debido a pandemia da Covid-19, como de obras no CPI O Toural para cambio de fiestras. Ningunha destas peticións foi contestada ao Concello de Vilaboa.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulañ a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto compensar a Xunta de Galicia o sobre custe que ten o Concello de Vilaboa neste inicio de curso escolar?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 29/09/2020 17:19:18**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/09/2020 17:19:25**

**Noa Susana Díaz Varela na data 29/09/2020 17:38:06**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Desde a irrupción da pandemia da Covid-19, o sector turístico en Galicia atópase nun momento transcendental. En primeiro lugar polas graves consecuencias sanitarias. E en segundo lugar, porque causou unha importante crise económica que afectou especialmente ao sector turístico.

Concellos coma o de Vilaboa están padecendo esta gran diminución do turismo, a pesar de ter diferentes lugares con atractivo turístico, como son: o entorno de Castiñeiras co Mirador de Cotorredondo que abrangue as vistas das tres rías baixas (Arousa, Pontevedra e Vigo), os roteiros de muíños en Vilaboa e Cobres, petróglifos e mámoas como patrimonio arqueolóxico, a Enseada de San Simón declarada zona Rede Natura 2000, coas Salinas de Ulló como lugar de gran interese turístico.

En Vilaboa tamén pasa o Camiño de Santiago portugués que atravesa o Concello entre Soutomaior e Pontevedra (Paredes-Figueirido e Bértola). A Consellería de Turismo, estando a tres meses do Xacobeo 2021, debería facer unha limpeza e actualizar a sinalización de maneira urxente desta parte do camiño para dar unha boa imaxe da nosa terra a tódolos peregrinos e peregrinas que pasen por esta parte do Camiño de Santiago.

Todo este patrimonio hai que poñelo en valor dándolle a maior difusión posible e pondo a disposición dos concellos os medios necesarios para poder desenvolver actividades turísticas. O Concello de Vilaboa é un concello cun pequeno orzamento e isto fai que non poda facer toda a promoción e actividades turísticas necesaria para a súa vila.

A Xunta de Galicia e concretamente a nova Consellería de Turismo, tería que impulsar o turismo nestas pequenas vilas, como nas ciudades e así poder potenciar o turismo a través dunha dotación orzamentaria aos concellos e tendo unha páxina web actualizada onde se promocione as vilas e ciudades da nosa Comunidade Autónoma.



A páxina de Turgalicia está sen actualizar e con información errónea das vilas e cidades. Deberíase actualizar os datos das vilas e cidades para que non leven a confusión as/os turistas que visitan a nosa terra.

Por todo isto demandamos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se faga promoción e actividades turística adecuada para dar un mellor servizo aos turistas que pasen por Vilaboa e por tódalas vilas e cidades de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A Xunta de Galicia vai dotar dunha partida orzamentaria ao Concello de Vilaboa para mellorar a afluencia do turismo na súa vila?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 29/09/2020 17:30:58**

**Martín Seco García na data 29/09/2020 17:31:21**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

Hai máis dunha década, o 8 de abril de 2010, aprobábase nesta Cámara, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, na que xa se lle reclamaba ao Goberno da Xunta de Galicia oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobeira.

O ano 2010 era Ano Santo, e que a iniciativa fora presentada polo PP, o partido no Goberno autonómico, circunstancias estas que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións, e a decisión da Deputación Provincial de Lugo de darlle un impulso ao expediente, e así o Goberno da Deputación de Lugo levou a Pleno unha proposta, en data 26 de xullo de 2011, na que se lle solicitaba á Xunta de Galicia que recoñecese como rutas xacobearias oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Proposta esta aprobada tamén por unanimidade.

O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesar da aprobación por unanimidade daquela iniciativa parlamentaria do PP do ano 2010. A pesar do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así como pola Asociación de Amigos do Camiño na provincia de Lugo. E tamén a pesar das reclamacións efectuadas polos alcaldes e alcaldesas da Mariña ao longo destes 10 anos.

Impulsar o Camiño do Mar é fundamental para impulsar a actividade turística que representa un papel determinante na dinamización económica. E hoxe é más urgente que nunca, por mor do espacial impacto da Covid-19 na Mariña, que precisa dunha aposta decidida de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito moi especial, dun turismo moi golpeado polas limitacións impostas debido ás necesidades sanitarias.

Ao longo dos anos a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na web oficial do Xacobeo.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dous camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira consérvanse case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención aos



viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro, ou Santiago de Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Ten pensado o Goberno galego oficializar o Camiño do Mar como ruta xacobea e incluíla nas accións de promoción turística e reactivación económica ligadas á celebración do vindeiro ano Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/09/2020 17:44:34**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 29/09/2020 17:44:48**

**Noa Susana Díaz Varela na data 29/09/2020 17:45:08**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/09/2020 17:45:22**

**Martín Seco García na data 29/09/2020 17:45:37**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o Goberno de Jose Luis Rodriguez Zapatero no ano 2007, cando impulsamos a Lei de Memoria Histórica, os socialistas vimos traballando sen descanso pola recuperación da memoria e o recoñecemento das vítimas da represión franquista, máis de 7.000 en Galicia. Cidadáns que foron torturados e asasinados por defender os principios democráticos, sendo o caso galego máis cruel, por canto non foi un territorio en guerra e todas as vítimas obedeceron ó exterminio ideolóxico.

Coa chegada do PP a Xunta de Galicia freáronse tódalas actuacións públicas relacionadas coa Memoria Histórica que o goberno progresista de Emilio Pérez Touriño fomentara. Deste xeito, lugares como a Illa de San Simón sufriron un continuo abandono, e as asociacións que levaban anos traballando sen axudas de ningún tipo, coa excepción da etapa socialista, volveron a quedar desamparadas por parte da Administración autonómica. Esta situación empeorou ainda máis coa chegada do PP ó Goberno de España, no 2011, que paralizou totalmente as políticas de memoria.

A vitoria dos socialistas nas últimas eleccións xerais permitiu que se retomaran estas iniciativas, dando conta do compromiso electoral adquirido. Así estes días asistimos ao inicio do debate da Proposición de lei de Memoria Histórica e Democrática, todo un avance nos dereitos deste país e pronto será realidade tamén a futura inclusión na reforma do Código Penal do delito de apoloxyía e exaltación do franquismo.

Estas accións xa estiveron precedidas por outras moi relevantes como o traslado do ditador do Val dos Caídos.

E a vitoria nos tribunais da recuperación para os bens públicos do Pazo de Meirás, que fora espoliado no seu día pola familia Franco.

Creemos que agora é o tempo de que os galegos e as galegas rendamos homenaxe ás nosas vítimas, recuperaremos a nosa historia e sigamos gañando dereitos en prol das persoas que sufrieron a represión, pois é imposible construír un futuro dende o



silencio e o esquecemento do noso pasado.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulañan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai contemplar o Goberno galego no orzamento 2021 unha partida para a recuperación da memoria histórica dos galegos e galegas?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Noa Díaz Varela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 29/09/2020 17:54:40**

**Pablo Arangüena Fernández na data 29/09/2020 17:54:48**

**Noa Susana Díaz Varela na data 29/09/2020 17:55:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra creouse no ano 1992, para dar resposta á problemática social causada a consecuencia das drogas. Esta creación municipal de redes asistenciais para o tratamento das drogodependencias, créase para dar unha resposta inmediata, pola rapidez con que emerxeron e se estenderon os consumos de drogas nos anos oitenta, a gravidade de algúns problemas asociados a esos consumos e a crecente demanda das persoas drogodependentes e dos seus familiares de servizos para o seu tratamento.

Na actualidade esa situación inicial xa está superada, existindo un maior coñecemento, avances médicos para os tratamentos e especialización dos profesionais que os atenden.

Non existe discusión algunha en que se trata de enfermidades, polo que ten que ser o sistema público o responsable de ofrecer a atención necesaria, en igualdade de condicións que ante calquera outra enfermidade.

Así o di, a Lei Xeral de Sanidade: “son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades”.

Por outra banda, as corporacións locais teñen competencias complementarias coa Xunta de Galicia en materia de prevención das enfermidades, promoción de hábitos saudables e en incorporación social e benestar.

Así se recolle tamén na Recomendación novena do *Acordo da Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas, relativo ao informe da Ponencia para o estudo dos efectos nocivos das drogas na saúde dos mozos e das mozas*: “*El Sistema Nacional de Salud debe asumir la asistencia al drogodependiente en términos de igualdad y equidad con el resto de pacientes*”.

Do mesmo xeito, a *Oficina das Nacións Unidas para o Control da Droga e a Prevención do Crime (UNDCP)* tamén considera esencial a integración dos



servicios de tratamiento e rehabilitación de drogodependentes nos sistemas sanitarios xerais, rexeitando a creación de redes paralelas ou específicas.

Proba disto é que no Real decreto 1911/99 do 17 de decembro, polo que se aproba a *Estrategia Nacional sobre Drogas 2000-2008*, que, lembremos, fora aprobada co consenso do conxunto das comunidades autónomas, indica que: “***En materia de asistencia a los enfermos drogodependientes la principal apuesta radica en que ésta deberá realizarse a través del Sistema Nacional de Salud***”.

E entre as principais metas desta estratexia nacional, sinalábase, como obxectivo nº 5: “***Adecuar la red asistencial existente en las Comunidades Autónomas con el fin de adecuarla a las nuevas necesidades que plante o pueda plantear el fenómeno. Esta adecuación debe mantener el impulso de integración y normalización de las redes asistenciales en los Sistemas Públicos de Salud...***

Neste momento no Concello de Pontevedra xestionan e asume os custos dunha Unidade de Atención á Drogodependencia, integrada por oito profesionais (dous psiquiatras, dous psicólogos, un enfermeiro, dous auxiliares de clínica e unha traballadora social) todos eles preto da xubilación, que están a facer tarefas sanitarias, e que contan con equipos informáticos do Sergas.

Por todo o exposto anteriormente e dada a situación da cidade do Lérez, o máis axeitado sería que a Xunta de Galicia asumise estas competencias de forma progresiva.

Nós os socialistas, apostamos por unha integración, que se realice de maneira secuencial, comezando pola integración funcional para, no medio prazo, iniciar a integración orgánica, mediante a contratación pola Administración autonómica do persoal da rede de drogodependencias, que teña que contratarse para cubrir as xubilacións, ata a asunción total.

Sen que esta integración afecte, aos programas de prevención e de incorporación social que continuarán xestionados pola unidade administrativa responsable do Plan autonómico sobre drogas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia asumir as competencias que lle corresponden en materia de sanidade e iniciar o proceso de xestión e financiación íntegra da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra, con todo seu persoal?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 29/09/2020 17:59:18**

**Julio Torrado Quintela na data 29/09/2020 17:59:26**

**Marina Ortega Otero na data 29/09/2020 17:59:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na súa comparecencia no Parlamento para explicar os orzamentos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galiza (INTECMAR) para 2020, a súa directora asegurou que ese organismo realiza 88.000 análises anuais para garantir a salubridade e a calidade dos produtos do mar, e que ademais envía máis de 20.000 notificacións con calquera cambio que se produce na situación de zonas de producción de moluscos bivalvos a todos os axentes implicados.

Mentres tanto, as queixas sobre o funcionamento do INTECMAR vénense sucedendo ao longo dos anos de xeito reiterado por parte de produtores, depuradores, exportadores e cocedeiros e, en moitas ocasións, as extraccións non se planifican se non existe antes unha análise que ratifique os datos que se facilitan dende o INTECMAR.

Esta falla de confianza no centro de control mariño fai que as confraría e bateeiros se vexan obrigadas a recorrer aos laboratorios privados en moitas más





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ocasións das que quixeran e a realizar os seus propios estudos microbiolóxicos para garantir a salubridade dos seus produtos.

Ninguén entende que, a día de hoxe, cun centro de control mariño público, cun orzamento de máis de 3,6 millóns de euros, non se realicen analíticas durante as fins de semana ou festivos. Isto implica que moitas veces os peches fanse sen previsión, que a dinámica comercial do sector do mar non vai acompañada do traballo do organismo de control, que se devolvan miles de quilos de marisco ao mar e que, en definitiva, se perdan moitos cartos e moitas horas de traballo que se converten nun lastre para miles de persoas en Galiza.

O último exemplo deste despropósito vén da man do peche dos bancos marisqueiros de Noia este último fin de semana. As mariscadoras e mariscadores terían retomado a súa actividade o luns se non se detectase o alto nivel de toxina no fin de semana por medio de análises realizados pola propia confraría. De non ter sido así, preto de 1.500 persoas perderían un día máis de traballo e terían que tirar miles de quilos de producción, feito que non é a primeira vez que lles ocorre.

Este tipo de episodios veñen tendo lugar con demasiada frecuencia e afectando ao normal desenvolvemento da actividade do sector do mar, ademais de poñer en cuestión o funcionamento do propio Instituto de Control Mariño que debería facer análises diarias, coa maior axilidade, e transmitir a información con rapidez.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o Goberno galego a ampliar os servizos do INTECMAR aos fins de semana e festivos para evitar perdas ao sector do mar e conseguir un funcionamento áxil, eficaz e que se transmita con rapidez?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Castro García**

**Carme González Iglesias**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 29/09/2020 18:17:34**

**María do Carme González Iglesias na data 29/09/2020 18:17:38**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 29/09/2020 18:17:49**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O prezo da enerxía vén afectando negativamente importantes sectores da economía galega, como é a industria altamente consumidora de enerxía ou electrointensiva. A situación límite que atravesa a nosa industria non permite demoras na aplicación de medidas ao respecto. Desde hai anos, o goberno central leva demorando a publicación dun Estatuto para a industria electrointensiva, que podería axudar a saír desta difícil situación mais que non acaba de concretarse malia terse aberto xa ata dous procesos de alegacións.

Sen lugar a dúbida, o que recolla ou non este futuro Estatuto condicionará en boa medida o futuro e perspectivas de importantes empresas do noso país. Cómpre, así mesmo, analizar a evolución do sector no último ano e as medidas de impulso que debe arbitrar a Xunta de Galiza.

Este sector ten un impacto fundamental para a economía galega, tanto polo que representa en volume de traballadores e traballadoras como de PIB. Así mesmo, cómpre recordar que o Estatuto de Autonomía de Galiza inclúe no seu





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

artigo 4.3. “que os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reidores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”. En consonancia, no artigo 30.1 contémplase como corresponde a Galiza a competencia exclusiva en materia de “Fomento e planificación da actividade económica en Galicia” sinalándose no artigo 30.7. a competencia para “O desenvolvimento e execución en Galicia de: a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos. b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas. c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”. Así mesmo, o Artigo 28 sinala que “É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvimento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes: (...) 3. Réxime mineiro e enerxético.”

Por estes motivos, polo que supón nesta conjuntura o sector electrointensivo galego e polas potestades do autogoberno galego é necesario abordar unha corrección da falta de colaboración, planificación e organización experimentada até momento entre Xunta de Galiza e goberno central. Dunha banda, unha Xunta de Galiza liderada por un Núñez Feijóo sen peso político cuxas demandas sobre o sector non foron tidas en conta. Doutra banda, un goberno central instalado na lóxica electoral e sen dar pasos más firmes no borrador que recentemente coñecemos respecto do Estatuto de Electrointensivas.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración por parte da Xunta de Galiza da situación do Estatuto da Industria Electrointensiva?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2020 11:45:53**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 30/09/2020 11:45:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha potencia eólica polas súas condicións xeográficas e tamén por ter sido pioneira na implantación desta forma de xeración. Ese desenvolvemento temperán sufriu unha importante paralización cando no ano 2009 comezou o primeiro dos gobernos de Núñez Feijóo, quen no canto de continuar co concurso eólico aprobado polo Goberno anterior, optou por anular totalmente todo o traballo por puro sectarismo ideolóxico.

A razón dada para a anulación era a suposta ilegalidade da introdución da participación pública no modelo e as decisións políticas do Partido Popular tiveron consecuencias negativas para o país coa paralización de moitos proxectos, a posterior adopción dun marco legal e impositivo sen garantías suficientes e unha grande parálise ata o ano 2019, data na que comezan a mellorar os indicadores. Segundo os datos da Asociación Empresarial Eólica, hoxe Galiza conta con 3.778 MW, cun total de 180 parques eólicos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para o futuro de Galiza é clave apostar por fontes de xeración que reduzan a dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e nese camiño o desenvolvemento eólico é clave. Porén, ao longo do territorio estanse detectando nos últimos anos importantes problemas de colisión entre os dereitos sociais e medioambientais e o lucro do sector. A falta de planificación e ordenación dos gobiernos do Partido Popular e a relaxación dos trámites vinculados á actividade ten provocado situacóns de desamparo e desigualdade de condicóns. Así mesmo, a renuncia a unha política activa de participación pública en favor dun modelo fiscal que acaba repercutindo nas e nos consumidores, tense demostrado como fracasado.

Por todos estes motivos, neste momento de previsión de nova instalación de numerosos parques, é preciso procurar un consenso amplio arredor dun novo modelo eólico con garantías para todas as partes e cunha planificación estratégica ao servizo dos intereses xerais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacóns vai levar a cabo o goberno galego para que a nova fase de expansión do sector eólico sexa compatible coas necesarias garantías sociais e ambientais para o noso país?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 30/09/2020 11:49:16**

**María do Carme González Iglesias na data 30/09/2020 11:49:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2020 11:49:36**

**Daniel Pérez López na data 30/09/2020 11:49:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética que o ministerio de transición ecolóxica promoveu, e que actualmente se encontra en período de emendas, está a causar unha grande preocupación no tecido mar-industria do noso país.

É preciso lexislar para favorecer unha transición de cara ao uso das enerxías renovábeis que contribúan a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e para paliar no posíbel os efectos presentes e futuros do cambio climático.

Non entanto, o proxecto de lei, no seu artigo 18, prexudica gravemente ao tecido mar-industria, fundamental en Galiza e que ademais representa en xeral unha actividade sostíbel.

O recollido nese artigo 18 do proxecto de lei representa, de facto, unha modificación da lei de Costas e provoca unha grande discrepancia entre a visión da cadea mar-industria e a do propio ministerio sobre a alteración da vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O peso estratégico das industrias para a economía galega, tanto en número de empregos como en importancia socioeconómica, require certeza e a máxima seguridade xurídica para potenciar o valor da cadea do sector marítimo alimentario que difficilmente tería alternativa nas comarcas onde está asentada e, dende logo, antes de calquera modificación, necesita de diálogo co conxunto dos afectados.

E é precisamente a relevancia social, laboral e económica de ducias de empresas ubicadas no litoral e o seu rexeitamento á modificación da lei de costas no que respecta á alteración da vixencia das concesións administrativas que o propio ministerio de transición ecolóxica, diante da inquietude dos afectados, veuse obrigado o pasado mes de xuño a emitir un comunicado comprometéndose a contar co sector da industria alimentaria marítima de Galiza na reforma da lei de Costas.

Pero a medida que avanza o prazo de emendas, as distintas manifestacións públicas dos responsábeis directos ou indirectos do proxecto de lei, non crearon senón máis confusión, inseguridade e preocupación na cadea mar-industria. Dende logo, tampouco contribuíu a disipar esa confusión a propia Xunta de Galiza que está a transmitir a súa interpretación sobre o proxecto de lei a través de datos que nada teñen a ver coa realidade e que mesturan intencionadamente o que recolle a lexislación vixente sobre concesións administrativas en dominio público marítimo-terrestre para o sector mar-industria con outras actividades e instalacións.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o Goberno galego a instar ao Goberno do Estado a eliminar o artigo 18 do actual proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e a que se consensúe co tecido mar-industria galego calquera modificación da lei de costas no





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

referido á vixencia das concesión administrativas á beira do mar non contribuíndo, para elo, a xerar máis incerteza e preocupación no sector?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 30/09/2020 12:58:43**

**María do Carme González Iglesias na data 30/09/2020 12:58:48**

**Rosana Pérez Fernández na data 30/09/2020 12:58:56**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto vén dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de atención primaria do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia.

A Xunta de Galicia vén de desenvolver un proceso de lavado de cara co cambio de conselleiro de Sanidade e do equipo directivo do Sergas e coa conformación de comisións de traballo que, supostamente, terían a capacidade de modificar as ineficiencias do sistema e ofrecer solucións para unha reformulación do modelo de atención primaria. Non en tanto, o desencanto parece terse consolidado, xa que a política do novo conselleiro é unha política continuista do anterior equipo e co anuncio xa de medidas antes de recibir as conclusións, e coa non concreción a través dos orzamentos dun modelo real de transformación e de afrontamento os problemas reais de precariedade e déficit en volume de recursos humanos, así como unha necesidade de reorganizar a primeira e darlle máis peso dentro do global do sistema sanitario.

O Concello de A Guarda é un caso notorio onde estes problemas están a ser evidenciados, o que prexudica a atención e oferta asistencial aos seus veciños/as. A non cobertura de ausencias, ben sexa por baixas ou vacacións, deriva nunha saturación profunda dos e das profesionais que, sen axuda da Consellería que repoña profesionais ou que inclúa novas solucións, ven como deben asumir o



volume das súas consultas e o daquelas que non teñen, no día concreto, profesional que as atenda. .

En plena pandemia Covid-19, despois de que se eliminaron as restriccións en A Guarda e co comezo do curso escolar, o Centro de Saúde de A Guarda está en situación de colapso con só a metade do persoal habitual de médicos dispoñibles, 4 dun total de 8 no mes de setembro e que pasará a 3 facultativos no mes de outubro. A saturación do persoal é extrema porque ten que dar cobertura a súa axenda, ao servizo do PAC e agora tamén comunicar os resultados das PCR que se realizan. A todo isto hai que sumar o control dos casos sospeitosos de Covid-19 dos colexios e a campaña de vacinación da gripe.

A situación afecta tamén ao Servizo de Urgencias, onde hai momentos nos que non hai ningún médico que poida atender aos pacientes que visitan este PAC desde A Guarda, Oia e O Rosal, destacando a inexistencia ademais dunha ambulancia medicalizada na zona, unha vella demanda que aínda segue sen cumprirse.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía que demanda unha solución ao problema. Existiron diversos procesos de mobilización, entre os que consta unha recollida de sinaturas iniciada por veciños que chegou ás 2500 sinaturas, así como un acordo da Mancomunidade do Baixo Miño para solicitar unha xuntanza co conselleiro de Sanidade, así como un acordo da Corporación municipal de A Guarda no mesmo sentido. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas considera a Xunta de Galicia necesarias tomar para mellorar a capacidade asistencial no Concello de A Guarda no centro de saúde e no PAC?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 30/09/2020 13:30:22**

**Julio Torrado Quintela na data 30/09/2020 13:30:29**

**Marina Ortega Otero na data 30/09/2020 13:30:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### Exposición de motivos

O 14 de Febreiro de 2018 o BNG presentou nesta cámara varias preguntas e iniciativas en relación co anunciado peche da venda de billetes en distintas estacións de ferrocarril do país; nomeadamente nas do Carballiño, Ribadavia, Sarria, Guillarei, A Rúa-Petín e O Barco de Valdeorras.

Estas iniciativas tiñan sentido porque xa en febreiro de 2017 ADIF e RENFE anunciaron a eliminación do servizo de información e atención ao público e a venda presencial de billetes nestas estacións consumando o que desde o BNG entendíamos que era un desmantelamento que causaría graves prexuízos ás persoas usuarias do ferrocarril de Galiza, nomeadamente en Ourense por ser o territorio que máis estacións aglutinaba.

Porén, naquela altura a mobilización e oposición social a esta medida conseguiu freala e garantíuse por parte de Renfe-Adif a permanencia do servizo de venta. Hoxe a situación mudou para peor e a 30 de setembro de 2020 vense de consumar o peche definitivo da venda de billetes nas dúas estacións da comarca de Valdeorras (A Rúa-Petín e O Barco de Valdeorras).





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este feito dá o tiro de grazas ás comunicacions por ferrocarril nunha comarca que leva anos sufrindo o deterioro continuo dunha infraestrutura que outrora foi fonte de desenvolvemento e riqueza.

Continuando coa política de recortes e redución de servizos iniciada xa polo Partido Popular agora o PSOE no Goberno central continúa a desmantelar servizos acabando cos postos de traballo que xa pasaran de ser públicos a privados e deixando a unha zona sensíbel como é o oriente ourensán cun problema de comunicacions que agrava a súa situación de abandono.

En base ao exposto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entendendo que a Xunta estaba ao corrente do devandito peche co que este supón para o deterioro das comunicacions da comarca de Valdeorras, que actuacions vai levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a supresión do servizo e garantir as comunicacions da comarca?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Maria González Albert**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2020 13:34:35**

**María González Albert na data 30/09/2020 13:34:38**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/09/2020 13:34:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2020 13:34:56**

## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos portos de competencia autonómica galega existe un importante tecido industrial e comercial que viu paralizada totalmente a súa actividade como consecuencia da declaración do estado de alarma pola crise sanitaria da Covid-19.

Así mesmo o sector pesqueiro, que opera nestes portos, tamén viu minguada a súa actividade nestas circunstancias, rexistrando fortes caídas na súa facturación debido á baixada da demanda relacionada coa suspensión e posterior limitación da actividade hostaleira.

Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, publicou durante o estado de alarma un paquete de medidas de “flexibilización do pago das taxas portuarias”, consistente en retrasar a emisión das novas taxas portuarias ata dous meses despois da finalización do estado de alarma. Pero vemos que esta medida “é pan para hoxe e fame para mañá”, xa que se ben non se liquidaron as taxas portuarias autonómicas durante o estado de alarma, isto non permite conseguir liquidez ao sector, xa que agora se están a enviar estas liquidacións ás entidades e empresas usuarias dos portos autonómicos, taxas pertencentes a períodos de tempo nos que os operadores portuarios, ou ben non estiveron a facturar, ou ben sufriron fortes caídas na súa facturación.

Se se quere apoiar desde a Consellería do Mar ás empresas e entidades usuarias dos portos de competencia autonómica é momento de exencións e bonificacións nas súas taxas, e non de simples aprazamentos, de trasladar o problema a un momento posterior.

Portos de Galicia esgrime que a día de hoxe non se pode facer ningunha modificación na obriga de liquidación destas taxas autonómicas, pero estamos a ver como outras comunidades autónomas si o fan.

É imprescindible adoptar medidas que lle permitan aos axentes que operan no sector portuario autonómico paliar o inevitable dano causado e facilitar a recuperación das súas actividades económicas, industriais, loxísticas, deportivas, pesqueiras, turísticas, científicas, culturais, sociais....

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:



Pensa o Goberno galego que aprazar a liquidación das taxas dependentes da entidade pública Portos de Galicia, dous meses despois do fin da estado de alarma, serve para axudar ás entidades e empresas usuarias dos portos de titularidade autonómica?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2020 13:32:35**

**Julio Torrado Quintela na data 30/09/2020 13:32:49**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai meses que a sociedade da Guarda está a padecer a falta de persoal sanitario. Na actualidade o Centro de Saúde da Guarda dispón unicamente de 4 médic@s (ás veces menos) dunha plantilla de 8. Outro tanto ocorre co persoal de enfermería que, debido a que as baixas non son cubertas pola administración, en varias semanas do ano se atopan baixo mínimos, co que iso implica para a atención sanitaria no municipio.

Está situación que nunca pode ser aceptábel, neste momento que vivimos, coa pandemia do coronavirus, transfórmase nunha auténtica irresponsabilidade por parte das autoridades da Xunta de Galiza.

A falta de persoal sanitario está xerando unha sobrecarga de traballo aos profesionais do centro de saúde que provoca unha atención aos pacientes deficitaria con moitos días de espera para poder ter unha consulta.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúllase a seguintes pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que suprimir médicos e persoal sanitario no medio dunha pandemia, tal e como acontece na Guarda, é unha política sanitaria axeitada?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

**Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 30/09/2020 14:27:25**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2020 14:27:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2020 14:27:38**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2020 14:27:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao sector da gandaría de carne en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa gandaría agoniza na Galiza no marco dunha encrucillada sen precedentes polo desleixo dunha Consellería máis preocupada en escaparates do rural, aldeas modelo e fundacións que perpetúan os “chiringuitos” herdados de corruptelas pasadas, ca en afronta-las necesidades urxentes dun sector que continúa a afogar lentamente cara a súa defunción.

Temos que ser capaces de reverte-las condicións da ameaza da actual pandemia da Covid-19 e a transición cara o novo programa de desenvolvemento rural 2021-2027 para transformala nunha oportunidade de remuda e posicionamento fronte ós enormes retos que nos depara o futuro próximo.

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco subsectores gandeiros más importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cúncola e o ovino e cabrún.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galicia aportou en 2.018 un 11% da producción de carne de vacún dentro do estado español, un 12% do total da producción avícola, un 4% da producción porcina, un 22% da producción cunícola, un 1,3% da producción ovina e o 1,8% da producción de gando cabrún de todo o estado español.

Pero no mes de marzo deste 2020, o estado de alarma veu trastorna-la vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e diríamos máis, de toda a ciudadanía do mundo. E así en Galicia, co parón do turismo e de toda actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración e provocou unha forte baixada dos prezos pagados ós produtores/as que contrasta co incremento significativo no prezo medio da cesta da compra.

Os sectores da carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando, tanto de vacún coma de ovino e cabrún están a padecer especialmente os efectos desta pandemia dun xeito alarmante, e reclaman medidas paliativas urxentes por parte da administración pública.

A caída nas vendas fai que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continúen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se vexan compensados co seu crecemento, sendo a incerteza no mercado unha arma para a especulación cos prezos en orixe por parte da distribución na marco da cadea agroalimentaria.

O sector produtor de carne de vacún no noso país conta con arredor de 20.000 granxas, tendo moi importante presenza en zonas desfavorecidas e de montaña coma actividade económica case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Botemos unha ollada ós lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas de Ourense e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP “Ternera Gallega” que conta con case 8.000 explotacións. Trátase dunha produción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos (50% do mercado), nacionais (45% do mercado) e internacionais (5% do mercado).

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño de 2020 foi de 4'17 euros por quilo/canal en tenreira de calidade Suprema e de 3'5 euros quilo/canal en tenreira galega normal. Se ben os datos do mes de marzo non amosan unha baixada moi forte respecto a marzo de 2019, en abril, maio e xuño de 2020 apréciase un descenso moi acusado, arredor dos 0,50 €/Kg. tanto en Tenreira Galega Suprema coma en Tenreira Galega normal.

Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto ás explotacións cárnicas como lácteas, pola baixada de prezos das vacas de desvelle, dos xatos de recría como de consumo, o que está a provocar unhas perdas considerables, que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas. No caso das vacas de desvelle a caída rolda o 50%.

Esta produción cárnea é a principal actividade económica de moitas comarcas do país como como as zonas dos Ancares, Fonsagrada, Comarca de Sarria, a Terra Chá, o Courel ou Macizo Central de Ourense. Dalgunhas case que podemos dicir que é a





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

única, e no caso de desaparecer, viría acrecenta-lo problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da producción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da producción como na do consumo.

Por outro lado se ben é certo que foi o peche e as actuais restricións na “horeca” quen reduciu a demanda, certo é tamén que o consumo de carne nos fogares aumentou nun 33% e aquí as contas non dan.

É de supoñer que industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custes de producción establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei.

O coronavirus está a ser utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeralizada dos prezos e convertendo en crónica esta caída provocada pola Covid-19.

A campaña electoral deu para todo e así o Sr. Feijóo anunciou, en plena paixón de anuncios e propaganda, que achegaría unha liña de axudas en breve prazo para alivia-lo sector mancado profundamente pola crise da Covid-19. O sector está agardando e o tempo pasa. E nada solucionan as declaracíons de intencións nin as louvanzas:

“E seguiremos traballando xuntos, porque estamos a falar dun sector tractor, dun sector económico que xera emprego e riqueza, que posibilita que siga existindo o rural e que conta cunha enorme capacidade”.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

¿Que foi do anuncio a bombo e prato de finais do mes de xuño, no que o conselleiro de Medio Rural debullou o plan de reactivación e dinamización do medio rural galego e no que a medida urxente estrela era unha partida de 24 millóns de euros para axudas directas destinadas a aqueles produtores/as ou pymes ás que o asfixiante contexto económico dos últimos meses os deixara sen liquidez, poñendo en grave risco a continuidade da actividade económica?

Son vitais as axudas inmediatas ao sector da carne para manter operativas estas explotacións mentres non mellora a situación sanitaria e se normaliza o mercado. Pero axudas que realmente sexan reais e efectivas e non a parodia representada coas axudas excepcionais convocadas para compensar as perdas provocadas polo confinamento da Covid-19 nos sectores de ovino e cabrún.

Unhas axudas que tiveron un exiguo prazo administrativo de 10 días para poder iniciar a súa solicitude e cuns requisitos más pensados para outras comunidades autónomas ca para Galicia.

Tres eran eses requisitos. O primeiro: que a granxa de ovino ou cabrún tivese como mínimo dez reprodutoras. Aí entraban case 4.000 explotacións galegas. O segundo: que fosen solicitantes das axudas da PAC para o sector, co cal as posibles beneficiadas reducíronse a unhas 200. E terceiro e totalmente paradoxal e contraditorio: xustificar movementos de saída de cordeiros ou cabritos da granxa cara matadoiro de alomenos un número igual ou superior ao 60% do total de reprodutoras de máis de 12 meses existentes na granxa.

En que cabeza cabe que nunha situación excepcional de caída das vendas e na que se pretende indemnizar a un sector pola imposibilidade de darlle saída ós animais, se estableza como criterio principal excluínte para o cobro da axuda, manter unha





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

porcentaxe tan elevada na venta de años e cabritos. Esta situación provocou que o 95% das granxas que podían optar á axuda quedasen fóra.

No caso do sector ovino e cabrún a situación é máis dramática, xa que ó agravante de poñer en marcha unha axuda específica para compensa-las perdas nos gandeiros/as que non tivo ningún efecto, hai que engadir a gran estacionalidade das producións (Semana Santa, Verán e Nadal), a tremenda dependencia do sector da restauración e hostalaría e os intentos falidos por buscar unha vía de comercialización para a producción das ganderías de ovino e caprino galegas, que están a ser insuficientes para dar saída ós animais.

Coa hostalería paralizada e a baixada da demanda nas carnicerías, as vendas están sendo escasas e as iniciativas como “Mercaproximidade” e “Vou de Superfeirón”, a canle alternativa activada pola Consellería de Medio Rural, tampouco serviron para abrir unha vía activa de comercialización rendible para esta carne de excelente calidad, xa que serviu en bandexa de prata a cabeza do sector nas mans de cadeas depredadoras, como Vegalsa-Eroski que aproveitou a situación para imoñer uns prezos entre un 20% e 25% máis baixos que no mesmo período do ano anterior.

Vegalsa-Eroski estima adquirir este ano arredor de 3.000 años galegos, cifras semellantes ás do 2019, polo que o negocio sae redondo en canto ó incremento de ganancias nun 11% da distribuidora con respecto ó primeiro semestre do ano pasado, fundamentada na compra de produtos de proximidade, de excelente calidad e case a prezo de custe.

Os años e os cabritos son carnes que unha vez se pasa o seu tempo óptimo para a venda comeza a caer o prezo ou non atopas comprador. Vegalsa-Eroski converteuse nun tratante más grazas ó modelo de negocio amparado pola Consellería de Medio Rural. É un modelo a costa do produtor/a, que ten que regalar os seus años ou cabritos ou ben





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

deixalos na granxa e empregalos como machos reprodutores na recría ó non poder dirlles saída, co sobrecuste tan elevado nunha orientación produtiva na que as marxes comerciais en orixe son máis reducidas se cabe.

É preciso que a Consellería de Medio Rural se apoie nas armas lexislativas existentes ou en tramitación, como a Lei pola que se modifica a Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellora-lo funcionamento da cadea alimentaria, para fortalecer la posición negociadora de agricultores e gandeiros e deixar de manter unha postura negacionista e pouco aberta a realizar propostas construtivas de mellora, tal e como leva declarando o Conselleiro durante toda a fase de anteproxecto.

Esta nova norma incorporará ó dereito, a Directiva sobre prácticas comerciais desleais no sector agroalimentario para reequilibra-la cadea e promove-la transparencia na formación de prezos e prohibirá a venda por debaixo do custe de producción e a destrución do valor dos produtos ó longo da cadea.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforza-la posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións.

Débese conforma-la cadea de valor agroalimentaria de abajo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación agroalimentaria, aumenta-los supostos nos que é obligatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e amplia-lo catálogo de prácticas desleais a evitar na contratación agroalimentaria.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubri-los custes de producción, para os que se debería constituir unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É consciente o actual goberno galego da grave situación pola que atravesa o sector da carne de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/09/2020 16:56:17**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 30/09/2020 16:56:21**

**María González Albert na data 30/09/2020 16:56:31**

## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nesta data coñecemos que as escolas oficiais de idiomas acaban de verse obrigadas a aprazar as probas de certificación libres xa que non disponen do profesorado necesario para realizaras; a anterior suspensión afecta, fundamentalmente, ás linguas galega e inglesa.

Ese aprazamento decídese sobre a base dunha comunicación da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e de Ensinanzas de Réxime Especial na que se informa que, debido ao aprazamento do inicio de curso e á adxudicación de vacantes de profesorado para as ensinanzas de réxime xeral, é imposible dotar ás escolas oficiais de idiomas co profesorado necesario para poder administrar e avaliar estas probas. Tampouco poden establecer nesta data as novas datas de realización destas probas.

Por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade arguméntase que se debe a un problema puntual motivada polo aprazamento do inicio do curso en educación secundaria e o correspondente proceso de adxudicación de vacantes de profesorado.

Pero o certo é que houbo unha adxudicación definitiva publicada mediante unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede á adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico 2020/21 entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas (....) do 18 de setembro de 2020, data na que xa se tiña acordado o aprazamento do inicio de curso.

A mesma páxina *web* da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na relación de vacantes das escolas oficiais de idiomas, publica que existen só seis vacantes sen adxudicar, polo que o argumento esgrimido que relaciona a falta de profesorado co atraso no inicio de curso non se sostén, ao corresponder a italiano, francés, alemán e español.

Trátase, en definitiva, dunha proba máis dos problemas que a errática actuación da consellería ten producido neste inicio de curso.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

A que se debe realmente a falta de profesorado nas escolas oficiais de idiomas que levou á suspensión das probas libres?



Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2020 14:23:47**

**Noa Susana Díaz Varela na data 30/09/2020 14:24:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a evolución do sistema educativo galego no contexto da pandemia da Covid-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema educativo galego está a enfrentarse a un dos retos más difíciles en décadas. Estamos ante unha situación de gravidade excepcional no que se algo quedou claro é que a comunidade educativa deu un exemplo de rigor, de seriedade e de compromiso con alumando deste país.

Pero a pesar de profesorado, ANPAS e alumnado erixirse como a esperanza e o motor do sistema educativo galego, asistimos tristemente á cara b desta realidade: a dunha Xunta de Galiza que tivo varios meses para preparar este curso escolar pero que se situou na retagarda, na improvisación e nos bandazos constantes.

Esta actitude da Xunta de Galiza trouxo importantes problemas á comunidade educativa que se concretan na falta de profesorado, na xestión dos protocolos, nos cambios constantes de criterio, na falta de transparencia e nunha situación de absoluta incerteza para a xestión dos centros ante a Covid-19.

Dende o BNG cremos que a comunidade educativa atopase nunha situación urxente e que demanda unha actitude proactiva por parte da Xunta de Galiza. Unha





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

actitude na que o goberno galego implemente medidas para afrontar coas maiores garantías os problemas que estamos a padecer.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que a actitude que está a ter este goberno en relación a contratación de profesorado, transparencia ou xestión das diferentes consecuencias da pandemia da Covid -19, e que está a ser denunciada pola comunidade educativa, cumpre coas necesidades do noso sistema educativo?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

**Asdo.: Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2020 17:14:23**

**Daniel Castro García na data 30/09/2020 17:14:27**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2020 17:14:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 15 de maio de 2017 tivo lugar en Braga a xuntanza do plenario da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, no que o presidente da Xunta de Galiza asumió a presidencia rotatoria do organismo por un período de tres anos. Nesta xuntanza, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que os gobernos español e portugués xa contaban cunha lista de demandas conxuntas galego portuguesas en distintos eidos. Por outra parte, fixo referencia aos principais obxectivos da Comunidade de Traballo para o período 2017-2019: artellamento da Eurorrexión a través da mellora das infraestruturas, potenciar a innovación e o crecemento económico, e a dinamización demográfica.

No tocante ás infraestruturas citou o corredor atlántico da Rede Transeuropea de Transportes, un tren competitivo que conecte Vigo e Porto no contorno dunha hora. No ámbito da innovación e o crecemento sustentábel citou a potenciación do comercio de proximidade e promover os vínculos entre as prazas de abastos; fomentar o intercambio de coñecemento entre as empresas e os centros tecnolóxicos e de investigación; unir forzas nunha Plataforma Loxística Operativa conxunta; e afondar nos intercambios científicos e educativos. E en relación co terceiro obxectivo fixo referencia á





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

reclamación ante a UE de que demografía sexa unha prioridade política que se reflicta nas políticas de cohesión.

2. A Comunidade de Traballo está formada por 9 comisións:

- Catro Comisións Sectoriais (Desenvolvemento Sostible e Planeamento, Desenvolvemento Económico e Turismo, Innovación e Eficiencia Enerxética e Cidadanía);
- Catro Comunidades Territoriais de Cooperación (CTC do Val do Miño, CTC do Val do Limia, CTC do Val do Támega e CTC do Val do Cávado) que agrupan institucións de ambos os dous lados da fronteira: Cámaras Municipais portuguesas, Concellos e Deputacións Provinciais de Galicia;?
- Unha Comisión específica, constituída polo Eixe Atlántico do Noroeste Peninsular, que se ocupa da política urbana das cidades que forman parte deste.

3. Nos vindeiros días vaise celebrar na cidade portuguesa de Guarda unha nova cimeira hispano lusa, que pode ser un bo marco para trasladar unha posición común da Eurorrexión e os proxectos de futuro compartidos.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o balance global da Presidencia da Comunidade de Traballo Galiza Norte Portugal no período 2017-2020?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 01/10/2020 11:25:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 11:25:59**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/10/2020 11:26:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos,** deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco da cooperación transfronteiriza entre Galiza e Norte de Portugal aprobouse o Plan de Investimentos conxuntos 2014-2020. Tendo en conta que estamos ao final do período temporal do PIC, sería desexábel que o Parlamento galego fose informado sobre o grao de cumprimento dos obxectivos, dos eixos e das prioridades estratéxicas.

Por outra parte, nestes momentos e tendo en conta o próximo período orzamentario da UE para os anos 2021-2027, é necesario coñecer e acordar as grandes liñas de investimento para este período, que sobarda a duración dunha lexislatura e compromete futuros gobernos máis alá de 2024.

A comezos de 2019 comezou o proceso de redacción do Plan de Investimentos Conxuntos para 2021-2027, que debe ser reorientado tendo en conta a grave crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia da COVID 19.

Un Plan destas características debe contar coa más ampla participación dos axentes sociais, económicos e políticos. E debe ser trasladado ao Parlamento para información, debate e aprobación.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o balance de resultados do Plan de Investimentos Conxuntos para o período 2014-2020 e cales son as previsións con respecto ao PIC 2021-2027?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/10/2020 11:44:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 11:44:31**

**Iria Carreira Pazos na data 01/10/2020 11:44:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa 2015-2021, foi aprobado por RD 11/2016 do 8 de xaneiro. Este Plan prevé unha ampla relación de investimentos así como outras actuacións de planificación e xestión dos ríos e das augas costeiras de competencia autonómica. Cando xa se consumiu a maior parte do período de execución do Plan, sería oportuno avaliar as actuacións realizadas e as que están pendentes e que poden ser relevantes para a mellora da situación das augas fluviais, das rías e da costa galega.

Ao mesmo tempo, cumpre establecer os obxectivos e prioridades do seguinte Plan Hidrolóxico e que estas sexan coñecidas polo parlamento. A este respecto, sería de especial interese a realización dunha auditoría sobre a situación e deficiencias das EDAR que xestiona directamente Augas de Galiza, que complemente a que xa se fixo para as EDAR de xestión municipal.

Por outra parte, o Plan Hidrolóxico actualmente en vigor prevé a elaboración dos Plans Galegos de Abastecemento e Saneamento, que segundo a información dispoñible aínda non están redactados e aprobados.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por último, os diversos problemas que sufren as rías galegas por contaminación, recheos, efectos dos encoros, perda de biodiversidade e alteración dos equilibrios ecolóxicos, efectos do cambio climático, perda de produtividade... fan necesario un estudo multidisciplinar que analice a situación actual e faga propostas de mellora en distintos ámbitos. Galiza conta con especialidades universitarias e centros punteiros de investigación que poderían realizar un estudio destas características.

Por todo isto formulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego encargar un estudo multidisciplinar ao sistema universitario galego e aos centros públicos de investigación sobre a situación das rías galegas e as propostas para mellorar a calidade das augas, a biodiversidade, os equilibrios ecolóxicos e a produtividade?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 12:39:33**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 12:39:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 12:39:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados **do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falla de seguridade viaria na estrada AC-550 ao seu paso polo termo municipal de Noia é evidente e neste momento xa require de solucións urxentes por parte da Xunta de Galiza, titular da mesma.

Unha estrada que acumula o paso dun grande número de vehículos a diario durante todo o ano e cuxa perigosidade increménstate na época estival por mor das persoas que visitan o propio concello de Noia e das que a empregan para visitar outros concellos limítrofes como é o caso do lugar de Portosín, na localidade de Porto do Son, que recibe unha gran afluencia de turistas.

No caso da parroquia de Boa, ao sur do municipio de Noia, os veciños e veciñas levan máis de 25 anos denunciando a insecuridade viaria e a falla de pasos de peóns que non existen ao longo de toda a parroquia e que lles impide cruzar a estrada de xeito seguro.

No caso dos lugares de Orro, Vilanova e Eiroa, no outro extremo do concello de Noia, o problema é moi similar e agrívase pola existencia de nenos e nenas que teñen que cruzar a estrada para ir aos seus centros de ensino.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En definitiva, a estrada supón a quebra en dúas partes dos núcleos de poboación citados e a súa veciñanza xa chegou reiteradamente as queixas en distintas ocasións ao goberno municipal solicitando solucións de seguridade viaria e para evitar a longa espera, en moitos casos, para cruzala.

Os peóns vense totalmente indefensos diante desta situación e arrisan mesmo a súa vida ao cruzar a AC-550, polo que as medidas a tomar por parte da administración titular da estrada, a Xunta de Galiza, deben ser inmediatas, ben sexa a través do pintado de pasos de peóns ou ben sexa en forma de pasos voados. Pero, ademais, urxe unha redución efectiva da velocidade de tránsito rodado polos núcleos nomeados e a sinalización axeitada dos escasos pasos de peóns que existen para que a circulación, sobre todo dos peóns, sexa realmente segura.

Por todo o exposto anteriormente formúllase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Vai levar a cabo o goberno galego medidas urxentes para evitar definitivamente a situación de inseguridade viaria na AC-550, sobre todo para peóns, ao seu paso polo termo municipal de Noia, nomeadamente nos lugares de Boa, Orro, Vilanova e Eiroa?.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**  
**Alexandra Fernández Gómez**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 01/10/2020 13:27:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 13:27:50**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 13:28:00**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 13:28:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Galiza sitúase na cola do estado e de Europa en materia de espazos naturais protexidos. Temos poucos parques naturais e de pequenas dimensións e somos a comunidade do Estado con menos porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura. Nos últimos quince anos non se ampliou a Rede Natura nin se crearon novos parques.

2. A Xunta aprobou en 2014 o Plan Director da Rede Natura, mais a UE reclamou Plans específicos de conservación individualizados para cada un dos espazos protexidos:

“As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión”.

3. Por outra parte, dos seis parques naturais que xestiona a Xunta de Galicia, só tres teñen aprobado o correspondente Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) e os tres son de recente aprobación, nalgún caso máis de 20 anos desde a declaración do parque:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Os PRUX dos parques naturais do Invernadorio e da Serra da Enciña da Lastra aprobáronse en setembro de 2019.

- O PRUX do Parque Natural do Monte Aloia actualizouse en febreiro de 2020.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, con unha superficie de 20.000 hectáreas nos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, foi declarado no ano 1993. En 2018 o goberno galego iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, aínda non concluído.

O parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán foi declarado en 1992. Transcorridos 28 anos, aínda está pendente de aprobación o correspondente PRUX que entre outras cousas debería establecer os límites para o aproveitamento e uso dos recursos.

O Parque Natural das Fragas do Eume creouse en 1997 mais non foi até o ano 2017 cando se iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, que nestes momentos está paralizado.

4. Ademais do escaso número de espazos naturais e da falta de instrumentos de planificación de uso e xestión, os parques adoecen dunha moi baixa asignación orzamentaria e carecen de dirección logo da supresión desta figura por parte da Xunta de Galiza. A Creación do Fondo de Conservación da Natureza podería ser un instrumento eficaz para financiar medidas de conservación, protección, ordenación e dinamización dos espazos naturais protexidos, para fomentar o desenvolvemento sustentábel das comunidades locais e para fomentar o labor das entidades de custodia do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. A non aprobación dos PRUX, a falta de investimentos e de dirección inciden no deterioro e na degradación dos espazos naturais: os lumes, a perda de biodiversidade, a presión dos lobis madeireiros, as especies invasoras son algunas manifestacións do mal estado destes espazos. Os recentes lumes no parque da Baixa Limia-Xurés, que arrasaron 3.000 hectáreas, son a manifestación dun fracaso colectivo e da falta dun proxecto viábel de protección e desenvolvemento integral de territorios de grande valor ecolóxico, social e cultural.

6. A pandemia da COVID 19 puxo de manifesto a importancia da biodiversidade para garantir a saúde, a seguridade e o benestar colectivo. E tamén puxo o foco nos graves riscos derivados da destrucción da natureza e da alteración dos equilibrios ecológicos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o goberno galego para a aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos parques naturais que non contan con este instrumento legal?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 13:25:32**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 13:25:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 13:25:43**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Paloma Castro Rey e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A paisaxe é definida polo director xeral de Conservación da Natureza do goberno presidido por Emilio Pérez Touriño como aquel “anaco de territorio que abrangamos cunha soa ollada, pero tamén como “un xeito de mirar o territorio”: constitúe un elemento fundamental da identidade colectiva e da calidade de vida das persoas e por iso debe ser reflexo fiel dun territorio, dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural e dunha sociedade en relación harmónica co medio, onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, o desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

A aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia, pois converteunos nunha Comunidade Autónoma pioneira, seguindo os pasos de Cataluña e Valencia. A pesares de que o Grupo Popular votara en contra desta lei, o Goberno galego aprobou un regulamento de desenvolvemento, por medio do Decreto 96/2020, do 29 de maio, que entrará en vigor 12 anos despois da lei. Tardará case tanto como en se reunir, por primeira vez dende aquela lei, o Consello Asesor da Paisaxe, con 38 persoas que o constitúen e que se vai encargar de emitir informes de recomendacións non vinculantes.

Xa que logo, o Goberno actual recoñece por fin a gran importancia da paisaxe galega, da necesidade de mirar por ela e de protexer os seus elementos, áinda que non sexa favorable á creación dun necesario Observatorio Galego da Paisaxe. Pola contra, este proxecto de regulamento regula con efusividade e con moitas competencias o Instituto de Estudos do Territorio, que descoñecemos se vai afrontar todos estes novos retos, se vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe ou se vai ampliar a súa dotación económica (sobre todo se



temos en conta que, en 2019, o seu orzamento era de 3,129 millóns de euros e, para 2020, só se incrementa en 810.000 euros máis).

Por outra parte, o regulamento é un contenedor xurídico baleiro que se remite a outros instrumentos que a este ritmo non chegarán a desenvolverse nas nosas vidas, e que apenas fala de impulsar unha auténtica e obrigatoria recuperación paisaxística dos espazos degradados -sexa pola actividade mineira ou por calquera outra actividade-, de como facelo, de cando esixilo, de que garantías pedir ou das competencias das persoas responsables dos distintos departamentos da Xunta de Galicia. Nin aborda de maneira suficiente outros temas que están a ter e que van ter no futuro un grande impacto na paisaxe, como os futuros parques eólicos, cada vez más altos e potentes, ou a proliferación indiscriminada dunha especie forestal como o eucalipto que se caracteriza pola uniformización da paisaxe, dado que carece das variacións estacionais na cor da follaxe que son típicas das especies autóctonas de Galicia e que conforman o fermoso colorido dos territorios do noso entorno no outono e na primavera. Nin aborda o problema dos incendios forestais malia os estragos que están a producir en canto a perda de calidade paisaxística e a destrucción do patrimonio natural. Nin tampouco trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe ao ensino, sobre todo nos ciclos educativos para as nenas e nenos.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia para o país?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Patricia Otero Rodríguez  
Paloma Castro Rey  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 14:12:14**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2020 14:12:26**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:12:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2020 14:12:50**

## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Dirección Xeral de Xustiza de Galicia, non pode ser alleo a realidade que está a vivir a nosa comunidade, na que se está a entrar nunha segunda nova ola da pandemia da Covid-19.

O persoal da Administración de Xustiza non é alleo a estes contaxios, así temos exemplos recentes en Pontevedra, Ribeira e Vilagarcía. Estreitamente relacionados cunha mala xestión da desescalada.

Xa que dende a Dirección Xeral de Xustiza, dotouse ao persoal ó servizo da Administración de Xustiza de Galicia, de escasas medidas de seguridade, que denotan unha clara improvisación, e que podemos resumir en máscaras insuficientes, mamparas escasas e pouco adaptadas aos espazos que deberían protexer, medidas de hixiene non acordes coa situación.

A Xunta de Galicia está a incumprir o establecido na normativa estatal ditada para fazer fronte á crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, na que se establecen medidas concretas para adaptar o traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, a situación sanitaria na que nos atopamos sen poñer en risco a súa saúde.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai dotar ao persoal de Xustiza de material de protección suficiente para garantir a súa seguridade fronte aos contaxios?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:20:19**

**Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 14:20:25**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A sanidade pública é un éxito colectivo froito de gobernos e cidadanía que apostaron pola necesidade dun servizo sanitario público, universal, gratuíto e de calidade. Pese a isto, as políticas de recortes desenvolvidas polos gobernos de Feijóo en Galicia na última década, están poñendo en risco a capacidade asistencial en plenitude de calidade, así como a equidade no acceso ao sistema galego de saúde.

Esta situación ainda é máis crítica no rural, a reforma da Lei de saúde, evidenciou a política sanitaria do PP de desmaio da Atención primaria en favor dunha concentración na atención hospitalaria, recortando a autonomía dos centros comarcais, con falta de reposición de médicos nos hospitais comarcais, falta de investimento nos mesmos.....Que deixa un rural totalmente desasistido a nivel sanitario.

Os servizos sanitarios do Concello de Forcarei, levan sufrindo recortes constantes dende fai anos, que deixan a súa poboación sen un servizo esencial, coa perda de dereitos que isto supón.

Dende o verán 2019 o Sergas decidiu unilateralmente recortar o servizo de pediatría de 7 horas diárias, a atención únicamente os luns, mércores e venres, reducindo tamén enormemente as horas de asistencia cada día. Ademais, durante as vacacións ou períodos de baixa ou descanso da pediatra, o habitual é quedar totalmente sen servizo.

A pandemia tampouco supón un freo as políticas sanitarias de recortes da Xunta de Galicia do PP, en xuño do presente ano o centro de saúde de Forcarei quedou só cun doutor titular, tras a xubilación dunha médica. O Sergas asegurou que mantería a cobertura sanitaria vía reorganización e a día de hoxe segue atendendo o servizo un só medico. Ao que se suma a única presenza dende 2017, dun médico no Centro de Saúde de Soutelo de Montes.



A estas ausencias profesionais súmase a frecuencia coa que o Sergas deixa sen substitución ao persoal en tempadas de vacacións, permisos ou baixas laborais. Quedando os centros sen profesionais.

Por outra banda, os veciños e veciñas da comarca do Deza e Taboirós, levan anos reclamando unha mellora no servizos de emerxencias, xa que únicamente existe unha ambulancia para estes territorios moi extensos e cunha gran dispersión de poboación. As demandas céntranse en dotar dunha ambulancia ao PAC de Ceredo, que é o que da cobertura á maior parte do Concello de Forcarei, e outro servizo de ambulancia en Silleda para atender a zona norte do municipio.

Dende Alcaldía tense chamado a múltiples portas para frear e reverter os recortes sanitarios en Forcarei, trasladouse as demandas insistentemente. A situación chegou ata tal punto que a Corporación municipal aprobou en febreiro deste ano, de xeito unánime, é dicir, co apoio incluso do Partido Popular, unha moción para solicitar á Xunta de Galicia, entre outras cuestións, ambulancias para os PAC de Ceredo e Silleda, que se mantéñan os servizos de pediatría nas mesmas condicións que no ano 2017 e se analicen as necesidades de recursos humanos dos centros de atención primaria do medio rural para garantir unha cobertura horaria permanente.

Poucas xornadas despois chegou a pandemia. Pero os recortes continuaron, como se viu coa xubilación da médica de Forcarei e as demandas que nunca foron atendidas por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica no Concello de Forcarei, como se viña facendo de 7 horas de luns a venres?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:35:37**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 14:35:49**

**Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 14:35:56**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Goberno de España vén de aprobar un Real decreto-lei que permite ás comunidades autónomas contratar profesionais sanitarios para facer fronte á Covid-19, con medidas de contratación excepcional para persoal facultativo e non facultativo. Estas medidas permiten contratar profesionais que contan coa titulación de grao, licenciatura ou diplomatura correspondente, aínda sen o título de especialidade recoñecido en España, para realizar funcións propias dela.

Poderán ser contratados quen fixeran as probas selectivas de formación sanitaria especializada en 2019/2020, superando a puntuación mínima aínda sen resultar adxudicatarios de praza. Tamén será posible contratar profesionais sanitarios con título de especialista obtido nun Estado non membro da UE, sempre que cumpran procedementos administrativos que os avalíen (recollidos no propio decreto). Estes contratos permitirán realizarse por ata 12 meses, prorrogables por períodos de 3 tres meses posteriormente.

Estas medidas recollidas no decreto permiten, ademais reforzar a Atención Primaria, coa apertura da posibilidade de que presten servicios en AP os profesionais estatutarios que agora poden desempeñar funcións nos hospitais, se así o considera a Comunidade Autónoma a través das consellerías competentes.

Esta medida abre a posibilidade de reordenar os Recursos Humanos con maior flexibilidade, e de incorporar este ano ao sistema a milleiros de profesionais que cumpren estes requisitos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos contratos para profesionais sanitarios ten previsto ofertar a Xunta de Galicia ao abeiro das oportunidades facilitadas polo Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 17:26:21**

**Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 17:26:27**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O porto de A Pobra supón un elemento dinamizador da vida económica e social imprescindible para esta vila. Dentro da actividade, en parte minguante nos últimos tempos, a descarga de peixe activa parte das empresas que operan na rada, xa que implica a mariñeiros, consignatarias, subministradoras, limpeza...

No caso específico das persoas traballadores que se dedican á descarga no porto existe unha demanda, acumulada durante tempo, sobre a que existe un amplio consenso de necesidade de mellora entre empresarios/as, Administración autonómica, Administración local e as persoas traballadoras que son os principais necesitados dela, que é a dotación de vestiarios para cambios e aseo.

Hoxe en día, o estado dos vestiarios é inasumible, indigno para calquera persoa traballadora e con serios problemas de hixiene polo estado das instalacións. Urxe afrontar unha solución para isto, sobre a que existe proxecto e únicamente é necesario que a Xunta de Galicia o execute, despois de anunciarlo innumerables ocasións pero nunca executalo.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que non se ten iniciado áinda a execución do proxecto de novos vestiarios para o porto de A Pobra cando é unha necesidade imperiosa?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 17:29:42**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2020 17:29:49**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Noa Susana Díaz Varela na data 01/10/2020 17:30:01**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á coexistencia do gando cabalar e o lobo en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As greas de cabalos en semiliberdade no monte galego foron usos habituais desde a noite dos tempos. Desde o garrano puro ata o pura raza galega e as mesturas e cruces hai onde escoller para este antigo e agora novo aproveitamento silvopastoril.

A riqueza dun país non se mide só en cifras de macroeconomía e a xeración de valores materiais. Tamén se manifesta na sensibilidade para facer rendibles e sostibles sistemas ancestrais que sobreviviron ó paso do tempo conservando superficies, fauna e actividades que se caracterizan polo seu alto valor cultural, ecolóxico e identitario. Nos anos 70, os datos oficiais apuntaba a que Galiza contaba con 22.000 cabalos bravos nos montes. Hoxe, segundo indican os expertos, este número reduciuse praticamente na metade.

A presenza de bestas no monte leva décadas en retroceso en Galiza, un proceso que se acentuou nos últimos anos a raíz da obriga de marcar con microchip tódolos cabalos. As responsabilidades que recaen sobre os propietarios por posibles accidentes de tráfico, unidas a outras trabas, están a facer que os propietarios particulares e comunidades de montes se desfagan das súas greas. Unha das consecuencias da redución de cabalos é que as mandas que quedan, sofren unha maior presión dos lobos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Na actualidade, a presenza das bestas en montes comunais, xeralmente perimetradou, coma biodixestores de biomasa e activos axentes preventivos dos lumes conta cun inimigo principal que non é o lobo, senón a deficiente xestión do asunto pola administración galega. Os cabalos galegos son grandes consumidores de toxo, tanto dos brotes como da propia madeira, equilibrando a súa alimentación con diversas especies herbáceas espontáneas, como as carqueixas, as queiroas e todo xeito de arbustos, diminuíndo o risco de incendios e favorecendo a fertilidade do solo e a limpeza e roza naquelas zonas nas que se alimenta.

As greas non se renovan porque os poldros non superan o inverno debido ós ataques do lobo. As bestas e cabalos constitúen en boa parte de Galiza entre o 50 e o 90% da dieta do lobo. A continuada baixada da poboación de equinos preocupa a gandeiros e investigadores, pois está constatada a súa eficacia como vía indirecta de prevención de ataques ó gando nas granxas.

O mantemento das bestas e dos cabalos nos montes galegos é un método indirecto de prevención fronte ao ataque do lobo. A cuestión é que os/as propietarios/as dos cabalos carecen praticamente de indemnizacións polos ataques de lobo. Así en zonas como o MVMC de Carballo Vivo en Friol, que mantén unha grea de 25 animais, ven salvando unha media de 2 poldros ó ano. Así na última década, porén acumular mortes de 100 poldros, unicamente percibiron indemnizacións por dous animais.

Outro tanto acontece co gando vacún en extensivo e en semiliberdade, que coma no caso do cabalo contribúe tamén no control de biomasa e proporciona ingresos ás xentes que viven da gandaría, ademais de sacar adiante un producto alimenticio de primeira calidade e contribuír á xestión do territorio que ten no abandono poboacional e na ausencia de xestión o seu máis principal problema.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A presenza do lobo nas serras e montes galegos é necesaria coma dereito propio de especie e controlador de especies e doenças na fauna da que depende.

Pero a existencia do cabalo e deste gando en extensivo está ameazada de morte por contar, o primeiro, con greas deficientemente constituídas e ser así presa fácil, e por ser tan difícil, moitas veces, atopar os restos dos animais mortos tras o ataque.

As perdas non resarcidas de poldros no monte provocan o desánimo dos gandeiros. Cada ano unha proporción moi elevada dos poldros nacidos son depredados polos lobos, e os besteiros nin sequera poden denunciar os danos, xa que as axudas van asociadas á localización do cadáver, moi difícil en animais que viven ceibos no monte. Outro tanto acontece co vacún en semiliberdade.

Certamente non se pode nun monte de 400 ou 500 ha. facer un percorrido minucioso cada 48 horas buscando os despoxos dun ataque recente para poder dar aviso e cumplir coa norma para cobrar unha axuda de danos.

O desánimo, o abandono e a incomprendición de parte da administración provoca a diminución deste gando no monte coma actividade rendible para os comuneiros e para a sociedade desde os puntos de vista tanto económico coma ambiental.

Así, desanimados e deixados á súa sorte pola administración, besteiros e gandeiros van abandonando esta actividade mentres aumenta a rabia e culpabilidade cara ó lobo coma catarse e foco de tódalas iras.

Se queremos dar solución a este problema e aumenta-lo uso deste sistema agroforestal debemos buscar solucións que se axeiten á realidade.

Unha delas pode ser facer un reconto por greas, ou por propietario, ou por monte cercado, das femias en idade fértil, porcentualizar un promedio de preñeces e partos





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

fallidos, botar contas e no verán, nos recontos e curros facer unha resta e resarci-las perdas ocasionadas polos ataques da fauna salvaxe.

Se a ameaza da posible picaresca pon medo con esta medida, poderíamos busca-la solución nunha axuda positiva por besta ou vaca nodriza no monte. Estima-lo promedio de poldros ou cuños que son depredados ó ano por zonas en Galicia, ou en xeral, e partir da base de que o promedio é que por cada 10 nais no monte. Que o pago sexa por bestas no monte, para compensa-las perdas que se espera que poida haber.

Isto permitiría vence-lo desánimo, poder constituir greas más resilentes ós ataques e que o lobo desprazase a súa atención a outras especies coma o xabaril. E consegui-lo fin último que se pretende que non é máis que lograr a coexistencia de besta e lobo no mesmo hábitat en harmonía co home en beneficio da sociedade en xeral.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto tomar o goberno galego para remediar a situación de deterioro dos ecosistemas onde vive o garrano e das dificultades que atravesan a coexistencia das greas e rabaños de gando cabalar e vacún en liberdade ou semiliberdade por mor do lobo?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Maria González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 01/10/2020 17:33:36**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/10/2020 17:33:47**

**María González Albert na data 01/10/2020 17:34:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Centro de Saúde de Pintor Colmeiro en Vigo, precisa dunha actuación urgente para garantir a dignidade e seguridade de profesionais e persoas usuarias antes de que chegue o inverno. Unha actuación que evite que a cidadanía tal e como acontece na actualidade se vexa na obriga de esperar fóra á intemperie para facer unha analítica ou ser atendidos.

A falta de espazo e atención neste centro de saúde redonda especialmente en problemas de seguridade de persoal e pacientes que teñen que convivir nun pequeno espazo localizado no soto onde se realizan analíticas e se entregan as distintas mostras. Un soto onde traballan tres enfermeiras e dúas auxiliares compartindo espazo para facer as extraccións a diario coas persoas usuarias.

Entre a falta de espazo no interior, e a ausencia dun lugar a cuberto para agardar, a situación é absolutamente intolerable.

É inadmisible ver como as persoas traballadoras veñen de tirar de enxeño e fixeron as súas mamparas de protección con portafollas de plástico unidas con celo.

Este centro é unha mostra do que acontece en case todos os centros de saúde galegos.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o Goberno galego pensado, de cara ao inverno, un plan para garantir unha espera digna e cuberta para as usuarias e usuarios de centros de saúde que na actualidade agardan no exterior?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez  
Leticia Gallego Sanromán  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 01/10/2020 17:39:23**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 01/10/2020 17:39:31**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 17:39:38**

**Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 17:39:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López, Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Maderas Iglesias, con sede e factoría no Porriño, está a atravesar unha difícil situación económica e laboral que pon en risco a súa continuidade. Logo de pasar por un proceso concursal e por sucesivos expedientes de regulación de emplego, como resultado dos cales se perdieron numerosos postos de traballo, nestes momentos a empresa está nunha situación crítica que a pon ao borde da desaparición.

Todo o proceso de deterioro e declive da empresa ten como máximo responsable ao empresario. E ten como principais vítimas ao cadro de persoal formado nestes momentos por 140 persoas, maioritariamente mulleres. Ademais, o impacto negativo da crise da empresa ten repercusión nunha grande parte do sur da provincia de Pontevedra, pola procedencia do persoal de concellos diversos como As Neves, Salvaterra, O Porriño, Mos ou concellos do Val Miñor e do Baixo Miño.

Durante todo este tempo a Xunta de Galiza e o IGAPE mantivéronse como espectadores e consentiron, por acción ou por omisión, o deterioro da empresa. A única solución posible para garantir a continuidade da empresa é a entrada dun inversor que asuma a débeda e relance o proxecto industrial. O goberno galego non pode permanecer





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

impasíbel diante dunha grave situación que pon en risco moitos postos de traballo do sector industrial e dun ámbito fundamental para a economía galega.

Por todo o exposto anteriormente formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para defender os postos de traballo de Maderas Iglesias?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputados e Deputada do G.P. do B.N.G.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 01/10/2020 17:48:53**

**Daniel Pérez López na data 01/10/2020 17:48:56**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 17:49:08**

**María do Carme González Iglesias na data 01/10/2020 17:49:18**

## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As revelacións que nos últimos meses se están coñecendo sobre o chamado caso Kitchen que investiga a Audiencia Nacional teñen levado a algúñ medio a falar do mesmo como o Watergate español e a diversos xuristas a opinar que se trata dun caso dunha gravedades en precedentes, dado que se trata da presunta utilización dos medios e recursos do Estado para tarpar a corrupción do partido que gobernaba nese momento, é dicir, o uso ilegal do Estado contra o propio Estado.

A investigación céntrase en dirimir se existiu un operativo "parapolicial" supervisado e financiado con fondos reservados do Ministerio del Interior entre 2013 y 2014 para recuperar documentos e gravacións comprometedoras para o PP, que se atopaba nese momento sendo investigado xudicialmente pola súa contabilidade e por presuntos delitos de corrupción que logo deron lugar á condena do caso Gürtel, entre outros procedementos que se atopan hoxe en distintos momentos e etapas da súa tramitación xudicial.

Entre os imputados neste caso figuran o ex ministro do Interior e o seu número dous, así como a cúpula policial da época, estando ademais identificados decenas de axentes da Unidade Central de Apoyo Operativo da Policía como presuntos participantes nese operativo.

No ámbito desa investigación, fálase de “papeles que probarían pagos en B en sedes do PP de Galicia, Madrid ou Valencia”.

A pesar da enorme transcendencia dos feitos que xa se coñecen, o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracíons reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ó Consello da Xunta de 10 de



setembro, sinalou que “estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos”, a pesar de que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que “nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual”, ademais de sinalar que no PP xa “están acostumados” a que se “critique e recritique por feitos que pasaron hai más dunha década”.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que opinión lle merece ó Goberno de Galicia a presunta utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do partido ó que pertence ese mesmo goberno que se investiga pola Audiencia Nacional no coñecido como caso Kitchen?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Paloma Castro Rey  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 17:58:39**

**Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 17:59:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Desde o estado de alarma do pasado mes de marzo uns dos sectores más afectados neste contexto de pandemia é o dos centros de atención a persoas con discapacidades, véndose reducidos ánda máis uns servizos que xa viñan sendo a todas luces insuficientes.

Os centros de saúde limitaron horarios de atención (sirva como exemplo Centro de Saúde de Navia, Vigo), pasando dun horario de 09:00 horas a 21:00 horas, a un horario de 09:00 horas a 15:00 horas, con atrasos na concesión de citas en varias semanas nalgún caso e limitando as consultas a chamadas telefónicas. Este centro de saúde citado como exemplo, prestaba servizo a persoas usuarias dos centros de Apamp (Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral) ou de Alento.

Esta situación na Atención primaria que supón un retroceso no servizo para toda a poboación, afecta de xeito especial ás persoas con algún tipo de discapacidade e máis gravemente ás persoas con parálise cerebral.

Resulta na maioría das veces imposible recoñecer a sintomatoloxía e trasladar o problema a través dun teléfono.

Os médicos non se trasladan a ver ás persoas pacientes, e estes véñense na obriga de recorrer aos servizos de urxencia hospitalaria coas dificultades que iso implica para estas persoas e os seus coidadores e coidadoras.

A pandemia puxo de manifesto a responsabilidade, profesionalidade e bo facer das entidades do terceiro sector na xestión segura dos centros. As entidades sociais creadas e xestionadas polas familias e apoiadas polo tecido asociativo que traballan dende a solidariedade, a inclusión, son unha garantía de boa atención.

Pero cabe salientar que son centros de servizos sociais, non sanitarios, e



necesitan sempre, e máis agora neste contexto marcado pola Covid, tutela e atención sanitaria eficaz.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego algúñ mecanismo para garantir a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral ante a limitación das citas a atención telefónica?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez

Leticia Gallego Sanromán

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 01/10/2020 18:06:44**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 01/10/2020 18:06:52**

**Marina Ortega Otero na data 01/10/2020 18:06:58**

**Julio Torrado Quintela na data 01/10/2020 18:07:08**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a xestión que a Xunta de Galiza fai dos fondos Covid destinados ao ensino.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai varias semanas está a producirse unha forte preocupación na comunidade educativa e na sociedade galega pola xestión que a Xunta de Galiza está a facer dos fondos destinados a paliar os efectos da Covid-19.

Estamos a falar dunha partida aprobada polo Ministerio de Educación e as Comunidades Autónomas, que ascende a 93 millóns de euros. Mais ante a falta de profesorado e ante as necesidades educativas crecientes que se están a dar neste curso, medra a inquietud polo desconocemento e a falta de transparencia na xestión destes fondos.

Cómpre destacar que foi o propio presidente da Xunta o que solicitou na Conferencia de Presidentes a posibilidade de investir estes fondos nouros eidos que non fosen estritamente educativos e, por iso, na actualidade, co curso escolar iniciado e coas carencias e necesidades que xorden na comunidade educativa,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

faise imprescindíbel coñecer e garantir a maior transparencia sobre a xestión que o goberno galego está a realizar dos 93 millóns de euros dos fondos Covid-19.

Por todo isto formúllase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que a xestión que está a facer dos fondos Covid para este inicio de curso responde ás necesidades e ás demandas da comunidade educativa?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/10/2020 18:08:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 01/10/2020 18:08:57**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/10/2020 18:09:08**

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNNS E ÓRGANOS

- 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
- 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNNS E CORRECCIÓNNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNNS

### 4.2. CORRECCIÓNNS DE ERROS





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

**BOLETÍN OFICIAL DO  
PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

